# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## DEPARTAMENTO DE INGLÉS

Curso 2017 —2018

CPI CABO DA AREA

# Contenido


1. **REFERENCIAS NORMATIVAS.............................................................. 5**

2. **CONTEXTO DO CENTRO..............................................................5**

3. **DATOS DO DEPARTAMENTO.** ........................................................ - 7 -

4. **CONTRIBUCIÓN DA PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS) AO DESENVOLVEMENTO E ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.** . - 8 -

5. **OBXECTIVOS DA E.S.O.** ........................................................ - 15 -

6. **1º E.S.O.** ........................................................ - 16 -

   6.2. **TEMPORALIZACIÓN UNIDADES DIDÁCTICAS** ........................................ 23

7. **2º E.S.O.** ........................................................ 32

   7.2. **TEMPORALIZACIÓN UNIDADES DIDÁCTICAS .** ........................................ 37

8. **3º E.S.O.** ........................................................ 46

   8.2. **Temporalización unidades didácticas: 3º ESO** ........................................ 52

9. **3º E.S.O. PMAR** ........................................ **¡Error! Marcador no definido.**

10. **4º E.S.O.** ........................................................ 62

    10.2. **Temporalización unidades didácticas: 4º ESO** ........................................ 64

11. **Criterios xerais de cualificación** ........................................ 73

    11.2 PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA. ........................................ 74

    **11.3. Actividades de recuperación..........................................74**

12. **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.** ........................................ 75

    12.1. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NO PRESENTE CURSO. ........................................ 77

13. **METODOLOXÍA** ........................................ 78

    13.1. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS. ........................................ 78

**13.1.1. Aspectos xerais.** ..........78
**13.1.2. Secuenciación habitual do traballo na aula: tipoloxía das actividades.** ..........80
13.2. OUTRAS DECISIÓNS METODOLÓXICAS. .......... 80
**13.2.1. Agrupamentos.** ..........80
**13.2.3. Tempos.** ..........81
**13.2.3. Espazos.** ..........81
**13.2.4. Materiais.** ..........81
**13.2.5. Recursos didácticos.** ..........82
**14. Contribución ao Plan Lector** .......... 82
**15. Contribución ao Plan de Integración das TIC.** .......... 84
**16. Elementos transversais** .......... 84
17. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRA ESCOLARES .......... 86
18. **AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.** .......... 87
19. **AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.** .......... 89

# 1. REFERENCIAS NORMATIVAS

## 1.1. Primeira Lingua Estranxeira (Inglés): marco legal e contextualización

As linguas son instrumentos vehiculares dos sistemas de valores e expresións culturais e son un factor determinante da identidade dos pobos.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira, a lingua inglesa neste caso, é imprescindible para achegarse ás novas tecnoloxías e a distintos estilos de vida e maneiras de pensar doutras culturas, e convertirse nun cidadán competente, creativo e autónomo.

Sendo que estamos a participar de cheo nas relacións internacionais, pretendemos garantir unha formación, en contexto escolar, na lingua inglesa que, adecuándose ao Marco Común de Referencia para as Linguas, permita ao noso alumnado unha mobilidade xeográfica.

Marco legal:

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

# 2. CONTEXTO DO CENTRO.

## 2.1. Características do centro

### 2.1.2.Situación e centros adscritos:

O CPIP Cabo da Area está situado en **Laxe** (A Coruña), na comarca da Costa da Morte. Conta con dúas unitarias adscritas **Traba** e **A Torre**. O centro está situado na vila mariñeira de Laxe e o alumnado procede da propia vila e das parroquias dos arredores polo que trátase dun centro eminentemente rural, dunha contorna dedicada ao mar ou ás labores da terra e o gando, polo que o nivel socio-económico das familias é, maioritariamente, medio-baixo asi como o nivel socio-cultural. Este feito condiciona moitas das decisións pedagóxicas do centro e os seus departamentos didácticos, que é en moitos casos a vía que ten o alumnado de acceder a determinadas experiencias culturais ou medios para

acadalas. Dentro deste contexto, a aprendizaxe dunha lingua estranxeira esixe unha motivación especial para conseguir a valoración da lingua estranxeira como instrumento de relacións interculturais, motor de futuro, acceso ao futuro mercado laboral, etc. É, polo tanto, prioritario para este departamento motivar ao alumnado na aprendizaxe da lingua estranxeira e transmitir a súa importancia e valores.

### 2.1.3. Ensinanzas que oferta o centro:

Actualmente o centro oferta as seguintes ensinanzas:

- Educación Infantil (3,4 e 5 anos)
- Educación Primaria (liña un, pero cun desdobre en 1º)
- Educación Secundaria Obrigatoria, tamén con liña un e con dous grupos en 2º ESO
- Ensino Plurilingüe en Primaria (incorpórase ao programa con sección plurilingüe en Plástica nos dos grupos de primeiro), Secundaria con seccións plurilingües en 1º,2º e 3º ESO.

### 2.1.4. Características singulares:

- Falta de espazos ( salón de actos, despachos de departamentos)
- Pavillón de deportes compartido co Concelllo.
- Profesorado comprometido, TIC, escasos problemas de convivencia.
- Apóstase por unha formación integral do alumno, TIC, linguas, múltiples actividades complementarias e extraescolares:

  - Saídas a diferentes puntos da comarca e de Galicia
  - Inmersión lingüística de outono para alumnado de 6º de Primaria (concedido o curso pasado e solicitado para este)
  - Saídas ao estranxeiro (viaxe final de etapa en 4º da ESO a unha cidade europea, nos últimos anos foi a Londres, pero ante os problemas de atentados replantexarase )
  - Charlas transversais de temática variada:

- Educación sexual
- Educación viaria
- Educación para a saúde
- Prevención de drogodependencias
- Seguridade no uso de internet e das redes sociais
- Mellora da convivencia, prevención do acoso escolar
- Plan de Formación Permanente do Profesorado
- Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares (PLAMBE)
- Programa Portfolio das Linguas
- Plan Proxecta (solicitado)
- Proxectos eTwinning

| | | | |
|---|---|---|---|
| 1º ESO | Educación Plástica e Visual | Juan Carlos Linares Regueira | Caroline |

## 2.2. Características do alumnado

### 2.2.1. Lingua materna dominante:

**Uso maioritario do galego (case de xeito exclusivo na expresión espontánea)**: É un colectivo bilingüe, con uso maioritario do galego, ainda que temos dous alumnos dominicanos e este ano incorpórase unha alumna alemana.

### 2.2.2. Alumnado con NEAE no curso actual:

- 1alumno con ACI en 1º de ESO.
- 2 alumnos con ACI en 2º de ESO.
- 1 alumno con ACI en 3º de ESO

### 2.2.3. Agrupación do alumnado por niveis

A materia impartirase en todos os cursos da ESO, que no curso 2016-2017 quedan repartidos do seguinte modo:

| | |
|---|---|
| 1º ESO | 17 alumnos |
| 2º ESO A | 18 alumnos |
| 3º ESO | 21 alumnos |
| 4º ESO | 8 alumnos |

## 3. DATOS DO DEPARTAMENTO.

O Departamento está composto por: María Asunción del Valle Cortiñas, profesora titular da materia, quen ten ao seu cargo tanto a ensinanza da materia en 1º, 2º, 3º e 4º de Secundaria, como a xefatura de departamento e a coordinación das seccións plurilingües, o centro, dende o curso 2016-2017, forma parte da **REDE DE CENTROS PLURILINGÜES** coa impartición das seguintes materias en Inglés polo seguinte profesorado:

| | | | |
|---|---|---|---|
| | Drama | Sandra Villar Giner | |
| 2º ESO Plurilingüe | Física | Mercedes Lago Valo | |
| 3º ESO Bilingüe | Educación Plástica e Visual | Juan Carlos Linares Regueira | |

Corresponderá ao Departamento de Inglés tanto celebrar unha reunión de departamento mensual para reflectir o desenvolvemento desta programación, de todas as actividades, decisións xurdidas ao longo do curso, resultados da avaliacións, etc; así como a coordinación das seccións bilingües e plurilingües por medio dunha reunión semanal con todos os profesores compoñentes do programa, incluida a auxiliar.

No **CPI Plurilingüe Cabo da Area** estamos á procura dunha total coordinación entre os departamentos de linguas, tanto na distribución de contidos, como no uso dunha terminoloxía común e no deseño de tarefas para o desenvolvemento das competencias claves. Esta coordinación indispensable para acadar un desenvolvemento integral do alumnado acádase grazas á participación en seminarios permanentes dos membros dos departamentos e na colaboración constante que se produce entre eles. O centro ten concedido un **Plan de Formación Permanente do Profesorado** co fin de continuar e incrementar a formación no uso das TIC, na integración das linguas e o tratamento de textos e información. Dentro deste plan de formación, e dentro dun grupo de traballo que tivo como membros ás profesoras de linguas, redactouse o **Plan Lingüístico de Centro** que inclúe, entre otros, acordos a nivel termimolóxico,e acordos para o traballo integrado das linguas partindo das características textuais. Dende o departamento de inglés, continuarase na liña de estar nesa formación e crear materiais e actividades para desenvolver as competencias clave do alumnado (**Plataforma Mahara**) e de incentivar o traballo interdisciplinar. Así mesmo, seguirase na participación no **programa Portfolio**, en xornadas de Lengua e Literatura( **Tratamento Integral das Linguas**), xornadas de Linguas Estranxeiras(**Erasmus+,** ensino plurilingüe), **eTwinning** (proxectos europeos), **Plan Proxecta**, e participación e formación nestes programas con grupos de traballo e distintos proxectos interdisciplinares.

## 4. CONTRIBUCIÓN DA PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS) AO DESENVOLVEMENTO E ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Aprender unha nova lingua é, de certo, un dos retos máis difíciles aos que se enfrontan os/as estudantes ao longo da súa vida académica, sobre todo porque supón mergullarse de maneira activa nunha cultura e unha visión da vida moi diferentes da súa. A medida que aprenden un

idioma, desenvolven unha serie de competencias clave da aprendizaxe.

A Recomendación 2006/962/EC, do 18 de decembro de 2006, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente recolle que "as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego"

O Decreto 86/2015 establece as seguintes competencias clave do currículo:

- Comunicación lingüística **(CCL)**
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía **(CMCCT)**
- Competencia dixital **(CD)**
- Aprender a aprender **(CAA)**
- Competencias sociais e cívicas **(CSC)**
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor **(CSIEE)**
- Conciencia e expresións culturais **(CCEC)**

A adquisición das mesmas levarase a cabo de forma progresiva e de xeito integrador nos distintos cursos da ESO. Os obxectivos e contidos establecidos ao longo das etapas da ESO perseguen asegurar o desenvolvemento destas competencias. Asemade, os criterios de avaliación destas etapas constitúen os referentes para valorar o progreso na adquisición das mesmas.

Á marxe do aspecto lingüístico, a aprendizaxe da lingua inglesa favorece a formación noutros ámbitos xa que é un vehículo que axuda á comprensión de distintas situacións e á integración nun mundo que, na actualidade, é multilingüe.

De aí que, dentro das competencias clave necesarias na aprendizaxe da lingua inglesa, caiba destacar as seguintes,nas que se centra o currículo básico, que son as que deben ser adquiridas na suma dos distintos bloques.

| | | Competencia Clave | Estratexias para valoración |
|---|---|---|---|
| Primeira Lingua Estranxeira (Inglés) | CCL | Competencia en Comunicación Lingüística | ➡ Seguimento das actividades (clase/casa)<br>➡ Observación na aula<br>➡ Exercicios de comprensión e producción de textos.<br>➡ Realización de tarefas ou proxectos (mínimo unha actividade por avaliación)<br>➡ Exposicións orais |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | Traballo colaborativo<br>Probas escritas |
| | CD | Competencia Dixital | Actividades de busca de información en Internet.<br>Uso de ferramentas da Web 2.0<br>Tarefas realizadas en soporte multimedia<br>Observación de traballo na aula |
| | CAA | Competencia en Aprender a Aprender | Seguimento das actividades (clase/casa)<br>Participación activa na clase<br>Uso de estratexias de aprendizaxe.<br>Coavaliación: corrección conxunta de actividades, traballos e exames, respectando a quenda de palabra e a crítica dos compañeiros.<br>Autoavaliación: actividades de portfolio con reflexión sobre a lingua, a súa aprendizaxe e nivel de adquisición.<br>Realización de tarefas.<br>Traballos sobre obras de lectura. |
| | CCEC | Competencia en Conciencia e Expresións Culturais | Participación activa nas tarefas e actividades de aula, especialmente nas relacionadas coa cultura da lingua inglesa.<br>Uso da lingua estranxeira na clase.<br>Lectura de obras literarias adaptadas (unha por avaliación) |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | ➨ Interese por utilizar a biblioteca de aula mais alá das obras obrigatorias.<br>➨ Participación activa e respectuosa nos proxectos con centros doutros países.<br>➨ Participación nos proxectos transversais . |
| | CSC | Competencia Social e Cidadana | |

## 4.1 Competencia en comunicación lingüística

Esta competencia refírese á habilidade para se expresar tanto de xeito oral como escrito, atendendo a distintos rexistros, situacións e funcións. Tanto a expresión escrita como a oral son vehículos que permiten observar a progresión do alumnado xa que consiste na aplicación práctica dos conceptos de aprendizaxe.

A aprendizaxe da lingua estranxeira mellora a competencia comunicativa xa que é necesaria a utilización de convencións e a linguaxe apropiada a cada situación, para interpretar diferentes tiposde discursos. A adquisición desta competencia implica a posibilidade de se coñecer e de se comunicar con falantes doutros países, enriquecendo así as relacións sociais.

O uso funcional da lingua estranxeira facilita o acceso a distintas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.

Por outra banda, ha de considerarse a adquisición da segunda lingua parte dun proceso unido a adquisición das lingua maternas para producir resultados naturais aplicables ao uso lingüístico no mundo real.

| | |
|---|---|
| Descritores CLL | • Estabelece vínculos e relacións construtivas cos demais e co contorno, e achégase a novas culturas, que adquiren consideración e respecto.<br>• Usa a comunicación lingüística como motor da resolución pacífica de conflitos.<br>• Expresa e comprende as mensaxes orais en situacións comunicativas diversas e adapta a comunicación ao contexto.<br>• Produce textos orais adecuados a cada situación, utilizando códigos e habilidades lingüísticas e non lingüísticas, así como regras propias do intercambio comunicativo.<br>• Busca, recompila e procesa información para comprender, compoñer e utilizar distintos tipos de textos, con intencións comunicativas ou creativas diversas.<br>• Usa a lectura como fonte de pracer, de descubrimento doutros contornos, idiomas e culturas, de fantasía e de saber.<br>• Expresa e interpreta diferentes tipos de discurso acordes á situación comunicativa en diferentes contextos sociais e culturais.<br>• Ten conciencia das convencións sociais, dos valores e aspectos culturais e da versatilidade da linguaxe en función do contexto e da intención comunicativa.<br>• Le, escoita, analiza e ten en conta opinións distintas á propia.<br>• Expresa adecuadamente as propias ideas e emocións, e acepta e realiza críticas con espírito construtivo.<br>• Enriquece as relacións sociais e desenvólvese en contextos distintos ao propio, comunicándose nunha lingua estranxeira, polo menos.<br>• Accede a diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe. |

## 4.2. Competencia dixital

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e se comunicar. Implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsábel, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén, ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñíble, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta socialmente acordadas para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

- ✓ Neste ámbito a actividade lingüística realízase en gran parte hoxe en día a través de medios tecnolóxicos, dentro da materia, son considerados soportes naturais dos textos orais e escritos que o alumnado haberá de producir, comprender e procesar, polo que a competencia dixital enténdese como parte substancial da competencia comunicativa.
- ✓ Ademais a realización e presentación de tarefas, a búsqueda de información, o uso de recursos, etc, na materia , será fundamental para acadar a competencia dixital.

| | |
|---|---|
| Descritores CMCCT | ⌖ Produce e interpreta distintos tipos de información, amplía o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, e resolve problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral.<br>⌖ Interpreta e expresa con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.<br>⌖ Aplica a información a unha maior variedade de situacións e contextos, segue cadeas argumentais, identificando as ideas fundamentais, e estima e axuíza a lóxica e a validez de argumentacións e informacións.<br>⌖ Identifica a validez dos razoamentos e valora o grao de certeza asociado aos resultados derivados dos razoamentos correctos.<br>⌖ Identifica situacións que precisan elementos e razoamentos matemáticos, aplica estratexias de resolución de problemas e selecciona as técnicas adecuadas para calcular, representar e interpretar a realidade a partir da información dispoñíbel.<br>⌖ Utiliza elementos e razoamentos matemáticos para interpretar e producir información, resolve problemas provenientes da vida cotiá e toma decisións.<br>⌖ Comprende sucesos, predí consecuencias e mellora e preserva as condicións de vida propia e dos demais; ademais, desenvólvese adecua-damente, con autonomía e iniciativa persoal en diversos ámbitos da vida e do coñecemento.<br>⌖ Aplica os conceptos e principios básicos que permiten a análise dos fenómenos desde os diferentes campos de coñecemento científico.<br>⌖ Percibe de forma adecuada o espazo físico no que se desenvolven a vida e a actividade humana e interactúa co espazo circundante.<br>⌖ Demostra espírito crítico na observación da realidade e na análise das mensaxes informativas e publicitarias, así como uns hábitos de consu-mo responsábel na vida cotiá.<br>⌖ Argumenta racionalmente as consecuencias duns ou outros modos de vida, e adopta unha disposición a unha vida física e mental saudábel, nun contorno natural e social tamén saudábel.<br>⌖ Identifica preguntas ou problemas e obtén conclusións baseadas en probas para comprender e tomar decisións sobre o mundo físico e sobre os cambios que produce a actividade humana. |
| | ⌖ Aplica algunhas nocións, conceptos científicos e técnicos, e teorías científicas básicas previamente comprendidas, e pon en práctica os pro-cesos e actitudes propios da análise sistemática e de indagación científica.<br>⌖ Recoñece a natureza, fortalezas e límites da actividade investigadora, como construción social do coñecemento ao longo da historia.<br>⌖ Planifica e manexa solucións técnicas, seguindo criterios de economía e eficacia, para satisfacer as necesidades da vida cotiá e do mundo laboral.<br>⌖ Diferencia e valora o coñecemento científico, xunto con outras formas de coñecemento, e utiliza valores e criterios éticos asociados á ciencia e ao desenvolvemento tecnolóxico.<br>⌖ Usa de forma responsábel os recursos naturais, coida o ambiente, fai un consumo racional e responsábel, e protexe a saúde individual e |

| | |
|---|---|
| | colectiva como elementos clave da calidade de vida das persoas. |

## 4,3. Competencia en aprender a aprender

Aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser quen de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de autoavaliarse, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual, todo o cal chega a desenvolverse a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais como colectivas.

- ✓ O currículo básico axuda ao alumnado a desenvolver a capacidade de aprender a aprender, comenzando por establecer de maneira transparente e coherente os obxectivos ou resultados pretendidos, que teñen que facer os estudantes como falantes da lingua estranxeira.
- ✓ A realización de portfolios, autoavaliacións e coavaliación, xunto coa reflexión de estratexias de aprendizaxe propias da materia, incidirá na adquisición de ditas habilidades.

| Descritores CAA | |
|---|---|
| | ⌖ Dispón de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.<br>⌖ Adquire conciencia das propias capacidades e das estratexias necesarias para desenvolvelas.<br>⌖ Dispón dun sentimento de motivación, confianza nun mesmo e gusto por aprender.<br>⌖ É consciente do que sabe e de como se aprende.<br>⌖ Xestiona e controla de forma eficaz os procesos de aprendizaxe, optimizándoos e orientándoos a satisfacer obxectivos persoais.<br>⌖ Saca proveito das propias potencialidades, aumentando progresivamente a seguridade para afrontar novos retos de aprendizaxe.<br>⌖ Desenvolve capacidades como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión e a expresión lingüística ou a motivación de éxito.<br>⌖ Coñece os diferentes recursos e fontes para a recollida, selección e tratamento da información, incluídos os recursos tecnolóxicos.<br>⌖ Afronta a toma de decisións racional e criticamente, coa información dispoñíbel.<br>⌖ Obtén información para transformala en coñecemento propio relacionado cos coñecementos previos e coa propia experiencia persoal.<br>⌖ Fixa metas alcanzábeis a curto, medio e longo prazo.<br>⌖ Autoavalíase e autorregúlase, é responsábel, acepta os erros e aprende dos, e cos, demais.<br>⌖ Ten conciencia, xestiona e controla as propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal. |

## 4.4. Consciencia e expresións culturais

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilizalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica asemade manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras comunidades.

Xa que logo, require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a escala local,

nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, xéneros e estilos, tanto das belas artes como doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá.

Para facer un seguimento do nivel acadado polo alumnado de cada competencia, seguiremos a seguinte rúbrica que se adaptará en cada momento aos aspectos competenciais de interese.

✓ Unha vez mais tanto a elección dos temas de traballo e estudo como os proxectos, son a aportación da materia de inglés. Ademais, o feito de realizar traballos en común con Educación Plástica e Visual en inglés, incide especialmente.

| | |
|---|---|
| Descritores CCEC | ⌖ Coñece, comprende, aprecia e valora criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, e utilízaas como fonte de enriquecemento.<br>⌖ Reelabora ideas e sentimentos propios e alleos.<br>⌖ Avalía e axusta os procesos necesarios para alcanzar resultados, xa sexan no ámbito persoal ou no académico.<br>⌖ Expresa e comunica diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.<br>⌖ Pon en funcionamento a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse mediante códigos artísticos.<br>⌖ Coñece basicamente as principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas.<br>⌖ Identifica as relacións existentes entre as manifestacións artísticas e a sociedade, a persoa ou a colectividade que as crea.<br>⌖ É consciente da evolución do pensamento, das correntes estéticas, das modas e dos gustos.<br>⌖ Aprecia a creatividade implícita na expresión de ideas, experiencias ou sentimentos a través de diferentes medios artísticos como a música, a literatura, as artes visuais ou escénicas.<br>⌖ Valora a liberdade de expresión e o dereito á diversidade cultural.<br>⌖ Aprecia e desfruta coa arte para poder realizar creacións propias.<br>⌖ Desenvolve o desexo e a vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora.<br>⌖ Mostra interese por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico. |

## 4.5. Competencias sociais e cívicas

Estas competencias implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

En concreto, a competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de se comunicar dun xeito construtivo en distintas contornas sociais e culturais, amosar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía.

Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo/a e a integridade e honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, rexional, nacional, europea e internacional.

As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, e implica manifestar o sentido da responsabilidade e amosar comprensión e respecto dos valores compartidos que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios

democráticos.

Xa que logo, para o axeitado desenvolvemento destas competencias cómpre comprender o mundo no que se vive, en todos os seus aspectos sociais, culturais e humanos. Mais tamén incorporan formas de comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir en sociedade.

- ✓ A participación en proxectos interdisciplinares e transversais asi coma o traballo colaborativo, servirá para a adquisición desta competencia.

| | |
|---|---|
| Descritores CSC | ⌖ Comprende a realidade social na que vive e contribúe á súa mellora.<br>⌖ Participa, toma decisións e elixe como comportarse en determinadas situacións.<br>⌖ Exerce activa e responsabelmente os dereitos e deberes da cidadanía.<br>⌖ É consciente da existencia de distintas perspectivas á hora de analizar a realidade social e histórica do mundo.<br>⌖ Dialoga para mellorar colectivamente a comprensión da realidade.<br>⌖ Entende os aspectos das sociedades actuais, a súa crecente pluralidade e o seu carácter evolutivo.<br>⌖ Dispón dun sentimento de pertenza á sociedade na que vive.<br>⌖ Resolve os problemas con actitude construtiva, mediante unha escala de valores baseada na reflexión crítica e no diálogo.<br>⌖ Ponse no lugar do outro e comprende o seu punto de vista, aínda que sexa diferente do propio.<br>⌖ Recoñece a igualdade de dereitos entre os diferentes colectivos, especialmente entre o home e a muller.<br>⌖ Constrúe e pon en práctica normas de convivencia coherentes cos valores democráticos.<br>⌖ Mantén unha actitude construtiva, solidaria e responsábel ante o cumprimento dos dereitos e obrigacións cívicas. |

## 5. OBXECTIVOS DA E.S.O.

- Desde o curso pasado 2016-2017, toda a ESO está incorporada á lei educativa **LOMCE** (Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa Decreto 86/2015, do 25 de xuño).

Según dito decreto, a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos a nas alumnas as **capacidades** que lles permitan:

| | |
|---|---|
| **a** | Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática. |
| b | Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. |
| **c** | Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller. |
| **d** | Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos. |

| | |
|---|---|
| **e** | Desenvolver destrezas básicas na utilización de fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación. |
| f | Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia. |
| g | Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades. |
| h | Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes completas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura. |
| **i** | Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada. |
| l | Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo. |
| m | Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora. |
| n | Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación. |
| ñ | Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito. |
| **o** | Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona. |

- Os obxectivos con máis relación directa coa materia de **INGLÉS** como **PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA** aparecen destacados na táboa anterior e quedan repartidos nos cursos da ESO coa seguinte distribución:

| | Bloque 1 | Bloque 2 | Bloque 3 | Bloque 4 | Bloque 5 |
|---|---|---|---|---|---|
| **1º ESO** | a, c, d, i | a, c, d, i | a, c, d, i | a, c, d, i | c, d, i, o |
| **2º ESO** | a,c,d,i | a,c,d,e,i | a,c,d,i | a,c,d,i | a,c,d,i,o |
| **3º ESO** | a, c, d, i | a, c, d, i | a, c, d, i | a, c, d,e, i | a, c, d, i, o |
| **4º ESO** | a,c,d,i | a,c,d,i | a,c,d,e,i | a,c,d,i | a, c, d, i, o |

## 6. 1º E.S.O.

Os alumnos/as que comezan 1º da ESO enfróntanse a un desafío moi grande, pois existe unha diferenza abismal entre aquilo ao que estaban afeitos/as en Primaria e o que se agarda deles/as en Secundaria. Será moi importante determinar os coñecementos previos de inglés do alumnado que comenza 1º da ESO por medio dunha avaliación diagnóstico consistente nunhas probas que inclúan as catro destrezas comunicativas e uns cadros de autoavaliación que serán o punto de partida do Portfolio de cada alumno/a. Fomentaremos a autocorrección, a autoavaliación así como a coavaliación entre iguales para facer que sexan conscientes do proceso de aprendizaxe e do seu progreso, sempre dende a positividade e tratando o erro non como elemento de fracaso se non necesario na evolución no proceso de aprendizaxe e na adquisición dunha lingua.

Os alumnos/as terán como referencia o libro de texto *Way to English 1* de Burlington Books, que lles servirá como apoio en formato papel para os puntos gramaticais, vocabulario, etc. O libro inclúe un recurso lingüístico chamado ***Interactive*** onde atoparán diversas ferramentas interactivas para axudarlles na súa aprendizaxe, rexistrándolles os seus resultados dun xeito individual que lles permite a revisión e extensión en exercicios onde presentan mais dificultades: *Interactive Grammar* con exercicios gramaticais con autocorrección, *Dialogue Builders*, para practicar a linguaxe funcional e comunicativa mediante diálogos, recursos para a realización de proxectos ou tarefas en *Techno Option*, *Interactive Wordlist*, cun glosario interactivo e exercicios para practicar vocabulario e ortografía. A profesora pode levar un seguimento do traballo realizado por cada alumno ou alumna individualmente coa mesma aplicación. E na propia páxina web da editorial teñen a súa disposición todos os audios que conforman o libro de texto e todos os seus materiais para a práctica e revisión da comprensión oral.

Sen embargo, as unidades didácticas non seguerán o ritmo marcado por o libro nin a orde dos contidos pois prevalecerán os temas xurdidos da realidade do alumnado, os seus intereses e o traballo interdisciplinar en cooperación con outras materias, especialmente as que conforman o programa plurilingüe do centro, así como os derivados da participación en distintos programas como **eTwinning**, as tarefas ou proxectos deseñados para o tratamento integral das linguas **(TIL)** e aquelas propostas por o **Plan Lector** dende a biblioteca escolar.

Isto fai que o plantexamento inicial do curso poda ser alterado en moitos casos, sempre quedando cubertos tanto os obxectivos xerais como os contidos. Crearanse por tanto situacións de aprendizaxe que permitan avanzar na adquisición das competencias clave. Ditos cambios quedarán reflectidos nas actas das reunións de departamento.

### 6.1. Secuenciación e contidos – 1º ESO

Tomando como partida o título do libro de Jules Verne ‘*A volta ao mundo en 80 días*’, o noso curso será *‘Around my World in 9 Months’* de xeito que se fará ao longo do curso un repaso pola vida de cada alumno para que sexa o fío condutor da expresión e comprensión oral e escrita, usando os elementos sintáctico-discursivos pertinentes.

| TEMPORALIZACIÓN | | | BLOQUE | OBX. | CONTIDOS | UNIDADES |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1ª Av. | 2ª Av. | 3ª Av. | | | | |
| X | X | X | **B.1. Comprensión de textos orais.** | **a c d i** | **B.1.1.** Uso de estratexias de comprensión de mensaxes orais:<br>⌖ Uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.<br>⌖ Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.<br>⌖ Identificación de palabras chave.<br>⌖ Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica) | TODAS |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | ⌖ Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.<br>⌖ Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece. | |
| X | X | X | | | **B.1.2.** Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. | TODAS |
| X | X | X | | | **B.1.3.** Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito. | TODAS |

| TEMPORALIZACIÓN | | | BLOQUE | OBX. | CONTIDOS | UNIDADES DIDÁCTICAS |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1ª Av. | 2ª Av. | 3ª Av. | | | | |
| X | X | X | B.2. Produción de textos orais. | a<br>c<br>d<br>i | **B.2.1.** Estratexias de produción:<br>⌖ Planificación<br>► Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción.<br>► Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.<br>► Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.<br>⌖ Execución:<br>► Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.<br>► Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto traballados na clase previamente.<br>► Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>► Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos:<br>▸ <u>*Lingüísticos*</u>:<br>▪ Modificación de palabras de significado parecido<br>▪ Definición ou paráfrase dun termo ou dunha expresión.<br>▸ <u>*Paralingüísticos*</u>:<br>▪ Petición de axuda ou clarificación.<br>▪ Sinalización de obxectos, uso deícticos ou realización de accións que aclaren o significado.<br>▪ Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal)<br>▪ Uso de elementos cuasi-léxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.<br>▪ Uso de elementos prosódicos sinxelos (pausas, ritmo, entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario ou oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas. | TODAS |
| X | X | X | | | **B.2.2.** Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender. | TODAS |
| X | X | X | | | **B.2.3.** Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compra-venda, e outras igualmente cotiás e básicas. | TODAS |
| X | X | X | B.3. Comprensión de textos escritos | a<br>c<br>d<br>e<br>i | **B.3.1.** Estratexias de comprensión:<br>⌖ Mobilización da información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.<br>⌖ Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva)<br>⌖ Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el. | TODAS |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | ⌖ Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais)<br>⌖ Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.<br>⌖ Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.<br>⌖ Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. | |
| X | X | X | | | **B.3.2.** Uso de técnicas como subliñado ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido do texto. | TODAS |

| TEMPORALIZACIÓN | | | BLOQUE | OBX. | CONTIDOS | UNIDADES |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1ª Av. | 2ª Av. | 3ª Av. | | | | |
| X | X | X | **B.4. Produción de textos escritos: expresión e interacción.** | **a c d i** | **B.4.1.** Estratexias de produción:<br>⌖ Planificación:<br>▸ Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.)<br>▸ Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.)<br>▸ Uso de elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos.<br>⌖ Execución:<br>▸ Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.<br>▸ Estruturación do contido do texto.<br>▸ Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu sentido global.<br>▸ Expresión da mensaxe con claridade, axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.<br>▸ Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.<br>▸ Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións do tipo "agora volvo", "xa nos veremos", etc.)<br>⌖ Revisión:<br>▸ Identificación de problemas, erros e repeticións.<br>▸ Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.<br>▸ Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.)<br>▸ Reescritura definitiva. | TODAS |

| TEMPORALIZACIÓN 1ª Av. | 2ª Av. | 3ª Av. | BLOQUE | OBX. | CONTIDOS | UNIDADES |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | B.5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural. | a c d i o | **B.5.1.** Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e entoación. | |
| X | X | X | | | Pronunciación correcta do léxico e das estruturas traballadas na clase. | TODAS |
| X | | | | | Sons e fonemas vocálicos. O alfabeto. Sons e fonemas consonánticos. | STARTER |
| | | | | | A acentuación en nomes de países e nacionalidades. | 1 |
| | | | | | O son /h/ | 2 |
| | | | | | A <–S> final na terceira persoa do presente simple: /s/, /z/, /ɪz/. | 3 |
| | X | | | | O son /ə/ | 4 |
| | | | | | Pronuncia de *can* e *can't* (formas fortes e débiles) | 5 |
| | | | | | Pronuncia da terminación –ING | 6 |
| | | X | | | Pronuncia de *was* e *were* (formas fortes e débiles) | 7 |
| | | | | | Pronunciación da terminación <-ED> do pasado simple: /t/, /d/, /ɪd/ | 8 |
| | | | | | O son /s/ | 9 |
| | | | | | **B.5.2.** Patróns gráficos e convencións ortográficas. | |
| X | X | X | | | Uso das normas básica e ortografía da palabra | TODAS |
| X | X | X | | | Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. | TODAS |
| | | | | | **B.5.3.** Aspectos socioculturais e sociolingüísticos | |
| X | X | X | | | Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e están-dar, e da linguaxe non verbal elemental da cultura estranxeira | TODAS |
| | | | | | Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: | |
| X | | | | | ‣ | STARTER |
| | | | | | ‣ | 1 |
| | | | | | ‣ Actores de dobraxe. Os Oscars. Facer un videoxogo. Os móbiles. Os debuxos animados. | 2 |
| | | | | | ‣ Artículo:The 68 Rooms. O mercado de Portobello. Compras online | 3 |
| | X | | | | ‣ Encuestas sobre hábitos adolescentes. | 4 |
| | | | | | ‣ O rei Midas. | 5 |
| | | | | | ‣ México misterioso.Vacacións en bicicleta.O transporte. | 6 |
| | | X | | | ‣ A historia do baloncesto.As olimpiadas.Normas de seguridade no deporte. | 7 |
| | | | | | ‣ Animais robóticos.Mascotas salvaxes. Comprar un billete para unha viaxe online. | 8 |
| | | | | | ‣ Poesía. Escocia. | 9 |
| X | X | X | | | Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais máis significativas nos costumes cotiáns e no uso das formas básicas de relación persoal entre os países onde se fala o inglés e o noso. | TODAS |
| X | X | X | | | Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. | TODAS |
| | | | | | **B.5.4.** Plurilingüimo: | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| X | X | X | | | ⌖ Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. | TODAS |
| X | X | X | B.5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural. | a c d i o | ⌖ Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos oi culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | TODAS |
| | | | | | **B.5.5.** Funcións comunciativas: | |
| X | | | | | ⌖ A linguaxe de aula | STARTER |
| | | | | | ⌖ Petición e ofrecemento de información persoal. As mensaxes e conversas telefónicas. | 1 |
| | | | | | ⌖ Narración dun perfil persoal. | |
| | | | | | ⌖ Descrción dunha vivenda e as súas partes. | 2 |
| | | | | | ⌖ Descrición dunha habitación e mobiliario. Facer compras online | |
| | | | | | ⌖ Descrición e comparación das rutinas. Falar das actividades deportivas e de lecer. | 3 |
| | | | | | ⌖ Presentación persoal nun e-mail. Facer cuestionarios. | |
| | X | | | | ⌖ Descrición de fotos. | 4 |
| | | | | | ⌖ Coller o bus. Anuncios por megafonía. | |
| | | | | | ⌖ Dar direccións. Expresar as reglas e normas. Falar das habilidades persoais. | 5 |
| | | | | | ⌖ Discutir sobre deportes. Descrición dun deporte. | |
| | | | | | ⌖ Facer comparacións. Dar información sobre un animal. Facer un informe sobre un animal. | 6 |
| | | | | | ⌖ Comprar unha entrada | |
| | | X | | | ⌖ Descrición das comidas e hábitos alimentarios. | 7 |
| | | | | | ⌖ Pedir comida nun restaurante. Facer invitacións. Descrición dun evento. | |
| | | | | | ⌖ A biografía. Intercambiar información biográfica. | 8 |
| | | | | | ⌖ Narración de acontecementos pasados. Pedir direccións. Visitando un museo. | |
| | | | | | ⌖ Falar de plans e predicións. | 9 |
| | | | | | ⌖ Escribir unha entrada de blog sobre plans (correspondencia informal) | |
| | | X | | | ⌖ Expresión do coñecemento, a certeza e a dúbida. | 6 - 7 |
| X | X | X | | | ⌖ Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición. | 1 – 4 – 7 – 9 |
| X | X | X | | | ⌖ Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os seus con-trarios. | 2 – 5 – 9 |
| X | X | | | | ⌖ Formulación de suxestións e desexos, e expresión básica de condicións e hipóteses. | 3 – 4 – 6 |
| X | X | X | | | ⌖ Establecemento e mantemento básicos da comunicación e organización elemental do discurso. | TODAS |
| | | | | | **B.5.6.** Léxico oral e escrito básico. | |
| X | | | | | ⌖ As horas. Presentacións. Obxectos da clase. Cores. Días da semana e meses. Números cardinais e ordinais. | STARTER |
| | | | | | ⌖ Adxectivos de descrición física e personalidade. | 1 |
| | | | | | ⌖ A casa, mobiliario e outros artigos. | 2 |
| | | | | | ⌖ Actividades de lecer. | 3 |
| | X | | | | ⌖ Accidentes xeográficos. Roupa. | 4 |
| | | | | | ⌖ Deportes, equipación e lugares. | 5 |
| | | | | | ⌖ Animais, clasificación dos animais. | 6 |
| | | X | | | ⌖ A comida; adxectivos de opinión | 7 |
| | | | | | ⌖ As profesións. Os logros. | 8 |
| | | | | | ⌖ A cidade e lugares nela. Actividades de fin de semana. | 9 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | B.5. Coñecemento da lignua e consciencia plurilingüe e intercultural. | a c d i o | **B.5.7.** Estruturas sintáctico-discursivas. | |
| X | | | | | Repaso dos demostrativos.Pronomes de suxeito e adxectivos posesivos. O caso posesivo. Partículas interrogativas. | STARTER |
| | | | | | Verbos TO BE, TO HAVE GOT ( Presente) | 1 |
| | | | | | Expresión da existencia: There is / There are. Quantifiers. | 2 |
| | | | | | O presente simple. Uso. Verbos de gustos + -ING-. Pronomes de suxeito e obxecto. Conxuncións *and/but.* | 3 |
| | X | | | | O presente continuo. Uso. Contraste presente simple e continuo. . Conxunción *also* | 4 |
| | | | | | A habilidade, a capacidade e a obligación: *Must/mustn't.* Verbo *can*. Adverbios de modo. Conxunción *because.* | 5 |
| | | | | | A comparación. Comparativos e Superlativos. Conxunción *so.* | 6 |
| | | X | | | O pasado do verbo *be. There was/were*.. Orde dos adxectivos. | 7 |
| | | | | | O pasado simple dos verbos regulares e irregulares. Uso. Conxuncións: *first, then, in the end, …* | 8 |
| | | | | | O futuro *be going to.* | 9 |

## 6.2. TEMPORALIZACIÓN UNIDADES DIDÁCTICAS

- **Libro de texto utilizado:** Linda Marks and Emily Devlin, ***Way to English1***, Burlington Books, 2016.
- **As unidades do libro serán adaptadas ou transformadas por outros proxectos da materia ou otros plans ou programas interdisciplinares ou transversais.**

| UNIDADE | TÍTULO | AVALIACIÓN | TEMPORALIZACIÓN | |
|---|---|---|---|---|
| | | | SESIÓNS | MES |
| 0 | Introduction | 1ª | 8 | setembro |
| 1 | They're Famous | | 12 | outubro |
| 2 | At Home | | 12 | outubro - novembro |
| 3 | Teens Today | | 12 | novembro-decembro |
| 4 | Great Holidays | 2ª | 12 | xaneiro |
| 5 | All About Sport | | 12 | xaneiro - febreiro |
| 6 | Amazing Animals | | 12 | febreiro - marzo |
| 7 | It's a celebration | 3ª | 12 | marzo -abril |
| 8 | Changing the World | | 12 | abril – maio |
| 9 | Going Out | | 12 | maio - xuño |

## 6.3. Criterios de avaliación.- 1º ESO

| BLOQUE | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|
| **B.1.** Comprensión de textos orais. | B1.1 B1.2 B1.3 | **B1.1.** Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. |
| | | **B.1.2.** Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. |
| | | **B1.3.** Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar formal, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais escolares e da familia ou do propio campo de interese, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver a escoitar o dito. |
| | | **B1.4.** Comprender os puntos esenciais e os detalles máis salientables en conversas sinxelas, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, gustos ou sensacións físicas moi básicas, expresadas pausadamente e con boa articulación e que se podan escoitar de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito. |
| | | **B1.5.** Recoñecer as fórmulas máis habituais de contacto social e as normas e cortesía máis sinxelas e comúns para a súa idade, e as utilizadas máis habituais para iniciar e terminar o discurso. |
| | | **B1.6.** Comprender o sentido xeral e a información esencial predecible de textos audiovisuais sinxelos, articulados pausadamente e con claridade e con apoio de imaxes moi redundantes. |
| **B.2.** Produción de textos orais: expresión e interacción. | B2.1 B2.2 B2.3 | **B2.1.** Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións de cando en vez. |
| | | **B2.2.** Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor. |
| | | **B2.3.** Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descricións, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais, e con dominio do vocabulario elemental para lograr a finalidade da comunicación. |
| | | **B2.4.** Producir textos breves e comprensibles, en conversas cara a cara, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dá, se solicita e intercambia información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifican brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes a s pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto. |
| | | **B2.5.** Empregar para comunicarse mecanismos sinxelos o suficientemente axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais básicos máis frecuentes) |
| | | **B2.6.** Manexar con certa fluidez frases curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes. |
| | | **B2.7.** Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando coas demais persoas na interacción,verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización de tarefas de comunicación. |
| **B.3.** Comprensión de textos escritos. | B3.1 B3.2 | **B3.1.** Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que se coñecen, etc.) para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. |
| | | **B3.2.** Comprender instrucións básicas e avisos, obrigas e prohibicións (por exemplo, indicacións para chegar a un lugar, frecuencia da dose dun medicamento, manexo elemental de aparellos coñecidos, etc.). |
| | | **B3.3.** Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados coas materias do currículo. |
| | | **B3.4.** Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten de asuntos cotiáns, de temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual. |
| | | **B3.5.** Identificar información persoal básica (descrición física, data e lugar de nacemento, ideade e sexo, estado civil, orixe e nacionalidade, profesión, gustos, etc.) e no ámbito público, presentada ou solicitada en cartas, formularios, fichas, cuestionarios, anuncios, etc. |
| | | **B3.6** Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar. |

| BLOQUE | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|
| **B.4.** Produción de textos escritos: expresión e interacción. | B4.1 | **B4.1.** Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, pondo unha idea principal en cada parágrafo, etc.) |
| | | **B4.2.** Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos máis básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas básicas, e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar. Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información moi sinxela e predicible. |
| | | **B4.3.** Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal. |
| | | **B4.4.** Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade. |
| | | **B4.5.** Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela, sobre temas da vida cotiá, empregando palabras e expresións básicas de uso habitual, de encabezamento e despedida, e frases e oracións simples illadas e enlazadas con conectores elementais. |
| | | **B4.6.** Presentar os textos escritos de xeito coidado ( con atención ás marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.) en soporte impreso e dixital. |
| **B.5.** Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural. | B5.1<br>B5.2<br>B5.3<br>B5.4<br>B5.5<br>B5.6<br>B5.7 | **B5.1.** Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronunciación polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións. |
| | | **B5.2.** Coñecer e utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, etc.), ás condicións de vida, ás relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, etc.), ao comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz e contacto visual) e ás convencións sociais (costumes e tradicións) |
| | | **B5.3.** Interactuar segundo as convencións sociais máis básicas da cultura estranxeira, e utilizar os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito. |
| | | **B5.4.** Na propia lingua, identificar semellanzas e diferenzas nos aspectos culturais máis visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, e amosar curiosidade e respecto ante as diferenzas. |
| | | **B5.5.** Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse cos compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes. |
| | | **B5.6.** Utilizar as experiencias lingüísticas e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe, e apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe. |
| | | **B5.7.** Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente, e amosar control sobre un conxunto de estruturas gramaticais e modelos de oracións e frases dentro dun repertorio básico memorizado. |
| | | **B5.8.** Comprender e utilizar un repertorio léxico oral básico suficiente para comunicar información, contidos elementais doutras materias do currículo e opinións breves, simples e directas en situacións habituais e cotiás propias da súa idade e do seu nivel escolar. |
| | | **B5.9.** Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. |

### 6.4. Relación dos distintos aspectos curriculares: contidos, criterios avaliación, competencias clave e estándares de aprendizaxe

**Todos os estándares serán valorados en cada unha das distintas avaliacións. Ademais, en cada unha, esa valoración farase tendo en conta as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico traballados na aula ata ese momento, cumprindo o criterio de avaliación continua.**

**1ª, 2ª e 3ª avaliacións**

**LENDA TEMAS TRANSVERSAIS:** **CL** (comprensión lectora), **EOE** (expresión oral e escrita), **CA** (comunicación audiovisual), **TIC** (tecnoloxías da información e comunicación), **EMP** (emprendemento), **EC** (educación cívica), **PV** (prevención da violencia)

| CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | IDENT. ESTÁNDAR | COMPETENCIAS CLAVE | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | | | | | | | | TEMAS TRANSVERSAIS | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Proba escrita | Proba compr. oral | Proba expr.oral | Redaccións clase | Exposicións | Role-plays | Caderno | Observ.aula | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
| B1.1<br>B1.2<br>B1.3 | B1.1<br>B1.2<br>B1.3<br>B1.4<br>B1.5<br>B1.6 | PLEB 1.1. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado | 50% | | X | | | | | | X | | X | | | | X | |
| | | PLEB 1.2. | CCL<br>CAA<br>CCEC | Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata. | 50% | | | | | | | | X | | X | | | | | |
| | | PLEB 1.3. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (p.ex. sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.) sempre que poida escoitalas máis dunha vez. | 50% | | X | | | | | | X | | X | X | | | | |
| | | PLEB 1.4. | CCL<br>CAA<br>CCEC | Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa. | 50% | | X | | | | X | | | | X | X | X | | | |
| | | PLEB 1.5. | CCL<br>CAA<br>CCEC | Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida e sobre temas do seu interese, cando se fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito. | 50% | | | X | | | X | | | | X | | | | X | X |
| | | PLEB 1.6. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez. | 50% | | X | | | | | | | | X | X | X | | | |
| B2.1<br>B2.2<br>B2.3 | B2.1<br>B2.2<br>B2.3<br>B2.4<br>B2.5<br>B2.6<br>B2.7 | PLEB 2.1 | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axudas ou aclaracións. | 50% | | | | | | | | X | | X | | | | X | |
| | | PLEB 2.2 | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | Fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións. | 50% | | | X | | X | | | | | X | | X | X | | |
| | | PLEB 2.3 | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | Desenvólvese sen dificultade evidente en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo as normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento) | 50% | | | X | | | X | | X | | X | | | X | X | |
| | | PLEB 2.4 | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | Establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo. | 50% | | | X | | | X | | X | | X | | | | X | |

## 1ª, 2ª e 3ª avaliacións

| CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | IDENT. ESTÁNDAR | COMPETENCIAS CLAVE | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | | | | | | | | TEMAS TRANSVERSAIS | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Proba escrita | Proba compr. oral | Proba expr.oral | Redaccións clase | Exposicións | Role-plays | Caderno | Obsr.aula | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
| B2.1<br>B2.2<br>B2.3 | B2.1<br>B2.2<br>B2.3<br>B2.4<br>B2.5<br>B2.6<br>B2.7 | PLEB 2.5 | CCL<br>CAA<br>CCEC | Participa en conversas informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando a convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta. | 50% | | | X | | | X | | X | | X | | | X | X | |
| | | PLEB 2.6 | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | 50% | | | X | | | X | | X | | X | | | | X | X |
| B3.1<br>B3.2 | B3.1<br>B3.2<br>B3.3<br>B3.4<br>B3.5 | PLEB 3.1 | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | Comprende, con axuda da imaxe,instrucións sinxelas e básicas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, e segue instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (p.ex., nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer) | 50% | | | | | | | | X | X | X | | X | X | | |
| | | PLEB 3.2 | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta de carácter pedagóxico claramente estruturados nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas ou do seu interese (p.ex. sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles. | 50% | X | | | | | | X | X | X | X | | X | | | |
| | | PLEB 3.3 | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de publicacións propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo. | 50% | X | | | | | | | | X | X | | X | | | |
| | | PLEB 3.4 | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | Atopa información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de lecer, dicionarios, catálogos, etc. | 50% | | | | | | | | X | X | X | | X | | | |
| | | PLEB 3.5 | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | Entende información básica (lugar, prezo, horarios, datos ou preguntas relativas á información persoal, etc.) de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese. | 50% | | | | | | | | | X | X | | | | | |
| | | PLEB 3.6 | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | Comprende con fluidez textos adaptados (p.ex. en lecturas para a xente nova) de historias de ficción. | 50% | X | | | | | | | | X | X | X | X | | | |

## 1ª, 2ª e 3ª avaliacións

| CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | IDENT. ESTÁNDAR | COMPETENCIAS CLAVE | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | | | | | | | | TEMAS TRANSVERSAIS | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Proba escrita | Proba compr. oral | Proba expr.oral | Redaccións clase | Exposicións | Role-plays | Caderno | Obsr.aula | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
| B4.1 | B4.1 B4.2 B4.3 B4.4 B4.5 B4.6 | PLEB 4.1 | CCL CD CAA CCEC | Escribe notas e mensaxes (p.ex. posts e chats en redes sociais), en situacións reais ou simuladas, nas que dá e solicita breve información sobre citas, preferencias e sentimentos, relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese. | 50% | X | | | X | | | | | | X | | X | | X | |
| | | PLEB 4.2 | CCL CD CAA CCEC | Elabora textos moi breves nos que expón, por exemplo, unha enumeración de actividades ou tarefas moi habituais, listas de compras, traxecto habitual, etc.; e textos que expresen sentimentos básicos de gusto, desgusto, aceptación, negación, etc. | 50% | X | | | X | | | | | | X | | | | | |
| | | PLEB 4.3 | CCL CD CAA CCEC | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións (p.ex. para subscribirse a unha publicación dixital) | 50% | X | | | X | | | | | | X | | X | | | |
| | | PLEB 4.4 | CCL CD CAA CCEC | Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, e a etiqueta se utiliza as redes sociais. | 50% | X | | | X | | | | | | X | | X | | X | |
| | | PLEB 4.5 | CCL CD CAA CCEC | Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén contacto social real ou simulado (p.ex. con amigos/as noutros países), se intercambia información básica sobre si mesmo, e a súa vila (p.ex. descrición en termos moi sinxelos de sucesos importantes e experiencias persoais; instrucións sinxelas, aceptación e ofrecemento de suxestións, como cancelar, confirmar ou modificar unha invitación ou uns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo. | 50% | X | | | X | | | | | | X | | | | X | |
| | | PLEB 4.6 | CCL CD CAA CCEC | Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación. | 50% | X | | | X | | | X | | | X | | X | | | |
| B5.1 | B5.1 | PLEB 5.1 | CCL CAA CCEC | Identifica sons e grafías de fonemas básicos, e produce comprensiblemente trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e patróns moi básicos de ritmo, entoación, acentuación de palabras e frases. | 50% | | | X | | | | | X | | X | | | | | |
| B5.1 B5.3 B5.5 B5.6 B5.7 | B5.1 B5.2 | PLEB 5.2 | CCL CAA CCEC | Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións sobre temas cotiás e de interese persoal, con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se son se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo. | 50% | | | X | | | X | | X | | X | | | X | X | |
| B5.3 | B5.2 B5.4 | PLEB 5.3 | CCL CD CAA CCEC | Utiliza as convencións orais propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.) | 50% | X | | X | | | X | | X | | X | | | | X | |
| B5.3 | B5.2 B5.4 | PLEB 5.4 | CCL CD CAA CCEC | Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países onde se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas. | 50% | | | | | | | | X | | X | | | | X | X |

| CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | IDENT. ESTÁNDAR | COMPETENCIAS CLAVE | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | | | | | | | | TEMAS TRANSVERSAIS | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Proba escrita | Proba compr. oral | Proba expr.oral | Redaccións clase. | Exposicións | Role-plays | Caderno | Obsr.aula | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
| B5.4 | B5.5<br>B5.6 | PLEB 5.5 | CCL<br>CAA<br>CCEC | Nas actividades de aula, reflexiona sobre a utilización a comprensión e a elaboración de textos do coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfosintácticos e discursivos básicos e habituais no uso da lingua. | 50% | X | | | | | | | X | X | X | | | | | |
| B5.5<br>B5.6<br>B5.7 | B5.7 | PLEB 5.6 | óns<br>CCL<br>CAA<br>CCEC | Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes, elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e paratextuais). | 50% | X | | X | X | X | X | | X | | X | | | | | |
| B5.6 | B5.8 | PLEB 5.7 | CCL<br>CAA<br>CCEC | Recoñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo. | 50% | X | | X | X | | | X | | X | X | | | | | |
| B5.4 | B5.9 | PLEB 5.8 | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | 50% | | | | X | X | | | | X | X | X | X | X | X | X |

## 6.5. Instrumentos de avaliación e cualificación- 1º ESO

| INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN | | | |
|---|---|---|---|
| INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | PESO NA CUALIFICACIÓN | MÍNIMO ESIXIBLE | COMPETENCIA |
| Proba inicial (oral ou escrita) | 0% | 0% | |
| Probas escritas<br>***1.*** *Grammar & vocabulary*<br>***2.*** *Comprensión Escrita -Reading comprehension*<br>***3.*** *Expresión escrita - Writing*<br>Se algunha destas partes se deixa en branco, automaticamente a puntuación será **negativa** (suspenso) posto que non estarían superadas a destreza de comprensión escrita ou ben a de expresión escrita. As preguntas empezarán a puntuar cando o alumno/a conteste correctamente á metade da pregunta. | 30% | 15% | Competencia en Comunicación Lingüística (CCL) |
| Proba de comprensión oral, (*listening*) | 20% | 10% | CCL |
| Proba de expresión oral (*speaking*): Presentacións, traballos orais | 20% | 10% | CCL |
| Proxectos, tarefas e actividades:<br>1. Libro de lectura<br>2. Portfolio, eTwinning…<br>3. Redaccións<br>4. Deberes<br>(Serán valorados de forma competencial mediante rúbricas) | 30% | 15% | Competencia en Conciencia e Expresións Culturais (CCEE) Competencia |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | Dixital (CD) Competencia de Aprender a aprender (CAA) Competencia Social e Cidadana (CSC) |
| EXAME EXTRAORDINARIO: Grammar & vocabulary, reading comprehension, writing,listening and speaking | 100% | 50% | |

# 7. 2º E.S.O.

- **Neste curso, 2º ESO incorpórase a nova lei educativa** LOMCE (Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa;Decreto 86/2015, do 25 de xuño)

Os alumnos/as terán como referencia o libro de texto ***Way to English 2*** de Burlington Books, que lles servirá como apoio en formato papel para os puntos gramaticais, vocabulario, etc. O libro inclúe o recurso lingüístico ***Interactive*** onde atoparán diversas ferramentas interactivas para axudarlles na súa aprendizaxe, rexistrándolles os seus resultados dun xeito individual que lles permite a revisión e extensión en exercicios onde presentan mais dificultades: *Interactive Grammar* con exercicios gramaticais con autocorrección, *Dialogue Builders*, para practicar a linguaxe funcional e comunicativa mediante diálogos, recursos para a realización de proxectos ou tarefas en *Techno Option*, *Interactive Wordlist*, cun glosario interactivo e exercicios para practicar vocabulario e ortografía. A profesora pode levar un seguimento do traballo realizado por cada alumno ou alumna individualmente coa mesma aplicación. E na propia páxina web da editorial teñen a súa disposición todos os audios que conforman o libro de texto e todos os seus materiais para a práctica e revisión da comprensión oral.

Sen embargo, as unidades didácticas, como no resto dos cursos, non seguerán o ritmo marcado por o libro nin a orde dos contidos pois prevalecerán os temas xurdidos da realidade do alumnado, os seus intereses e o traballo interdisciplinar en cooperación con outras materias, especialmente as que conforman o programa plurilingüe do centro, así como os derivados da participación en distintos programas como **eTwinning**, as tarefas ou proxectos deseñados para o tratamento integral das linguas **(TIL)** e aquelas propostas por o **Plan Lector** dende a biblioteca escolar. Isto fai que o plantexamento inicial do curso poda ser alterado en moitos casos, sempre quedando cubertos tanto os obxectivos xerais como os contidos. Crearanse por tanto situacións de aprendizaxe que permitan avanzar na adquisición das competencias clave. Ditos cambios quedarán reflectidos nas actas das reunións de departamento.

## 7.1. Secuenciación e contidos: 2º ESO

| TEMPORALIZACIÓN 1ª Av. | 2ª Av. | 3ª Av. | BLOQUE | OBX. | CONTIDOS | UNIDADES LIBRO DE TEXTO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| X | X | X | B.1. Comprensión de textos orais. | a c d i | **B.1.1.** Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:<br>⌖ Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.<br>⌖ Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.<br>⌖ Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica)<br>⌖ Identificación de palabras chave.<br>⌖ Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.<br>⌖ Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece. | TODAS |
| X | X | X | | | **B.1.2.** Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. | TODAS |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| X | X | X | | | **B.1.3.** Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito. | TODAS |
| | | | | | Estratexias de comprensión:<br>⌖ Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.<br>⌖ Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.<br>⌖ Distintición de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes).<br>⌖ Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.<br>⌖ Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión dos elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.<br>⌖ Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. | |

| TEMPORALIZACIÓN | | | BLOQUE | OBX. | CONTIDOS | UNIDADES LIBRO DE TEXTO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1ª Av. | 2ª Av. | 3ª Av. | | | | |
| X | X | X | B.2. Produción de textos orais. | a<br>c<br>d<br>e<br>i | **B.2.1.** Estratexias de produción:<br>⌖ Planificación<br>▶ Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.<br>▶ Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.<br>⌖ Execución:<br>▶ Concepción da mensaxe con claridade. distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.<br>▶ Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.<br>▶ Expresión da mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.<br>▶ Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>▶ Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos:<br>▸ *Lingüísticos:*<br>▪ Modificación de palabras de significado parecido<br>▪ Definición ou paráfrase dun termo ou dunha expresión.<br>▪ Petición de axuda ou clarificación.<br>▸ *Paralingüísticos:*<br>▪ Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaren o significado.<br>▪ Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal)<br>▪ Uso de elementos cuasi-léxicos de valor comunicativo(hum, puah, etc.).<br>▪ Uso de elementos prosódicos (pausas, ritmo, entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario ou oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas. | TODAS |
| X | X | X | | | **B.2.2.** Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender. | TODAS |
| X | X | X | | | **B.2.2.** Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación propia da súa idade e do seu nivel escolar. | TODAS |
| X | X | X | | | **B.2.3.** Uso básico da quenda de palabra, con indicadores sinxelos de que se quere falar e de recoñecemento do desexo de falar das demais persoas. | TODAS |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| X | X | X | B.3. Comprensión de textos escritos. | a<br>c<br>d<br>i | **B.3.1.** Estratexias de comprensión:<br>• Mobilización da información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.<br>• Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva)<br>• Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el.<br>• Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais)<br>• Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.<br>• Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.<br>• Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. | TODAS |
| X | X | X | | | **B.3.2.** Uso de técnicas como subliñado ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto. | TODAS |

| TEMPORALIZACIÓN | | | BLOQUE | OBX. | CONTIDOS | UNIDADES LIBRO DE TEXTO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1ª Av. | 2ª Av. | 3ª Av. | | | | |
| X | X | X | B.4. Produción de textos escritos: expresión e interacción. | a<br>c<br>d<br>i | **B.4.1.** Estratexias de produción:<br>• Planificación:<br>  ▸ Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.)<br>  ▸ Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, información sobre o tema, etc.)<br>• Execución:<br>  ▸ Elaboración dun borrador.<br>  ▸ Estruturación do contido do texto.<br>  ▸ Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu sentido global.<br>  ▸ Expresión da mensaxe con claridade, axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.<br>  ▸ Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.<br>  ▸ Recurso aos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.)<br>• Revisión:<br>  ▸ Identificación de problemas, erros e repeticións.<br>  ▸ Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.<br>  ▸ Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.)<br>  ▸ Reescritura definitiva. | TODAS |
| X | X | X | | | **B.4.2.** Características textuais:<br>• Uso de recursos básicos para elaborar textos con coherencia e cohesión propios do seu nivel escolar. | TODAS |

| TEMPORALIZACIÓN 1ª Av. | 2ª Av. | 3ª Av. | BLOQUE | OBX. | CONTIDOS | UNIDADES LIBRO DE TEXTO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | B.5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural. | a c d i o | **B.5.1.** Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e entoación. | |
| X | | | | | ⌖ Sons vocálicos: /eɪ/ e /æ/. A pronuncia de <-ed> dos pasados simples. | 1 |
| | | | | | ⌖ O son /ə/ | 2 |
| | | | | | ⌖ Sons consonánticos: /k/ e /s/ coa grafía <c> | 3 |
| | X | | | | ⌖ O acento da palabra. | 4 |
| | | | | | ⌖ *Linking*. | 5 |
| | | | | | ⌖ O son vocálico /ʌ/ | 6 |
| | | X | | | ⌖ Entoación. | 7 |
| | | | | | ⌖ Sílabas e acento. | 8 |
| | | | | | ⌖ A entoación nas *question tags*. | 9 |
| | | | | | **B.5.2.** Patróns gráficos e convencións ortográficas. | |
| X | X | X | | | ⌖ Uso das normas básica e ortografía da palabra | TODAS |
| X | X | X | | | ⌖ Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. | TODAS |
| | | | | | **B.5.3.** Aspectos socioculturais e sociolingüísticos | |
| X | X | X | | | ⌖ Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, así como da linguaxe non verbal elemental da cultura estranxeira | TODAS |
| | | | | | ⌖ Achegamento a algúns aspectos culturais visibles próximos aos seus intereses. | |
| X | | | | | ▸ | STARTER |
| | | | | | ▸ Os ONGs e a solidaridade para a educación. Campións en China. Inventos na escola. Deportes en tabla. | 1 |
| | | | | | ▸ Adolescentes nas noticias. Tolkien and Hobbits.Fotografando a Historia. Rutas polos estudios | 2 |
| | | | | | ▸ Hoteis sorprendentes. Os folletos de viaxe. Turismo no século 19. Records xeográficos mundiais. | 3 |
| | | | | | ▸ Artículo de revista para xóvenes. Casas polo mundo. A vida dos animais. House ou Home? | 4 |
| | X | | | | ▸ Unha historia policíaca. As investigacións policiais. Detectives famosos. Sherlock Holmes | 5 |
| | | | | | ▸ O entrenamento express en 3D. A Terra. O mundo do futuro. O Eurostar | 6 |
| | | | | | ▸ Circo para todos. Os mass media. A televisión. Os Amish. | 7 |
| | | | | | ▸ Nutrición: a comida dos campións. Historia dunha amizade. Frandes mmentos olímpicos. Todo sobre o sucre. | 8 |
| – | | X | | | ▸ Leccións de diñeiro. Uniformes poco frecuentes. A moda. Adolescentes traballadores. | 9 |
| X | X | X | | | ⌖ Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais máis significativas nos costumes cotiáns e no uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala o inglés e o noso. | TODAS |
| X | X | X | | | ⌖ Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. | TODAS |
| | | | | | **B.5.4.** Plurilingüimo: | |
| X | X | X | | | ⌖ Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia | TODAS |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | comunicativa integrada. | |
| X | X | X | B.5. Coñecemento da lignua e consciencia plurilingüe e intercultural. | a c d i o | Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos oi culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | TODAS |
| | | | | | **B.5.5.** Funcións comunciativas: | |
| X | | | | | Suxestións e expresión da opinión. | STARTER |
| | | | | | Expresión da cantidade. | 1 |
| | | | | | Descrición de fotografías, expresión da opinión, petición de información sobre a escola. | |
| | | | | | A biografía. A discusión e a argumentación. | 2 |
| | | | | | Redacción dunah biografía. | |
| | | | | | Descrición e comparación de lugares. | 3 |
| | | | | | Planificación dunhas vacacións. | |
| | X | | | | A entrevista: radio, revista. | 4 |
| | | | | | Entrevista persoal | |
| | | | | | A narración: eventos no pasado. | 5 |
| | | | | | Narración dunha investigación criminal. | |
| | | | | | Predicións: falando do noso futuro. | 6 |
| | | | | | Facer unha predición | |
| | | X | | | Elaboración dunha reseña ou informe.: un programa de TV | 7 |
| | | | | | Descrición de experiencias, obxectos, eventos, preferencias e experiencias. Expresión de acordos e peticións formais. | |
| | | | | | Monólogos e diálogos sobre hábitos saudables. | 8 |
| | | | | | Informe: estilos de vida. | |
| | | | | | Expresión dos desexos: as compras. | 9 |
| | | | | | A descripción: Vestementa | |
| X | X | | | | Expresión do coñecemento, a certeza e a dúbida. | 1 - 2 - 5 |
| X | X | X | | | Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición. | 3 - 4 - 5 - 7 – 9 |
| X | | X | | | Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os seus contrarios. | 1 - 3 - 7 - 8 - 9 |
| X | | | | | Formulación de suxestións e desexos, e expresión básica de condicións e hipóteses. | ST - 3 |
| X | X | X | | | Establecemento e mantemento básicos da comunicación e organización elemental do discurso. | TODAS |
| | | | | | **B.5.6.** Léxico oral e escrito básico. | |
| X | | | | | Revisión de léxico relacionado cos animais, a vivenda, sitios en la ciudad, deportes | STARTER |
| | | | | | Actividades na escola.ONGs. | 1 |
| | | | | | Verbos relacionados cos eventos vitais, as noticias. | 2 |
| | | | | | Xeografía e adxectivos relacionados con ela. | 3 |
| | X | | | | O tempo. A familia. Adolescentes. Adverbios de modo. | 4 |
| | | | | | O crimen, as investigacións. | 5 |
| | | | | | Transporte e verbos relacionados con él. As predicións e o futuro. | 6 |
| | | X | | | Experiencias vitais, adxectivos relacionados con elas. Os records. | 7 |
| | | | | | A nutrición e o fitness | 8 |
| | | | | | A moda: adxectivos relacionados. O diñeiro. | 9 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | B.5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural. | a c d i o | B.5.7. Estruturas sintáctico-discursivas. | |
| X | | | | | Posesivos, Xenitivo Saxón, Pronomes obxecto, Presente Simple, Presente continuo. | STARTER |
| | | | | | Contraste: Presente simple e continuo. Verbos seguidos de *-ing* / nome. | 1 |
| | | | | | O pasado simple. *There was/were. Used to.* | 2 |
| | | | | | A comparación. *(not)as...as., too... , (not)... enough* | 3 |
| | X | | | | Subject/Object Pronouns. Adverbios de modo | 4 |
| | | | | | O pasado continuo. Contraste co pasado simple. | 5 |
| | | | | | O futuro *will.*/ be going to. A primeira condicional. Conxuncións *if* e *unless*. Conectores de adición: *also, too, as well.*O *present perfect*. Partículas *ever / never*. | 6 |
| | | X | | | Present Perfect Simple, *for, since* | 7 |
| | | | | | Os modais: *must,mustn't, have to, don't have to, need to* | 8 |
| | | | | | O estilo indirecto: Xerundios and infinitivos. | 9 |

## 7.2. TEMPORALIZACIÓN UNIDADES DIDÁCTICAS .

- **Libro de texto utilizado:** Marks, Linda and Devlin, Emily, ***Way to English 2*** Burlington Books, 2016.

| UNIDADE | TÍTULO | AVALIACIÓN | TEMPORALIZACIÓN | |
|---|---|---|---|---|
| | | | SESIÓNS | MES |
| 0 | Getting Started | 1ª | 6 | setembro |
| 1 | At School | | 9 | outubro |
| 2 | In the News | | 9 | outubro - novembro |
| 3 | Seeing the World | | 9 | novembro-decembro |
| 4 | Everyday Life | 2ª | 9 | xaneiro |
| 5 | It's a crime | | 9 | febreiro |
| 6 | Going Green | | 9 | febreiro - marzo |
| 7 | Living Your Life | 3ª | 9 | abril |
| 8 | Healthy Choices | | 9 | abril – maio |
| 9 | Shopping Spree | | 9 | maio - xuño |

## 7.3. Criterios de avaliación

| BLOQUE | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|
| **B.1.** Comprensión de textos orais. | B1.1<br>B1.2<br>B1.3 | **B1.1.** Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que permiten inferencias do significado baseadas no contexto; uso dos coñecementos referenciais sobre o tema, así como identificación de palabras clave. |
| | | **B.1.2.** Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lentamente e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves que conteñen vocabulario propio do nivel. |
| | | **B1.3.** Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis salientables en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver a escoitar o dito. |
| | | **B1.4.** Comprender os puntos esenciais e os detalles máis relevantes en conversas cotiás, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, sentimentos ou sensacións físicas básicas, expresadas con certa naturalidade e boa articulación, se pode escoitalas de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito. |
| | | **B1.5.** Comprender as ideas principais e outros aspectos relevantes para o propósito comunicativo de textos orais de carácter informal que relaten experiencias persoais (viaxes, estudos, experiencias laborais, relacións persoais, etc.), e expresen opinións ou puntos de vista, cunha fala lenta e nunha linguaxe estándar, identificando aspectos como a secuencia temporal das experiencias (por exemplo, dunha película), e os sentimentos que suscitan. |

| | | |
|---|---|---|
| **B.2.** Produción de textos orais: expresión e interacción. | B2.1 | **B2.1.** Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves ou de lonxitude media, e de estrutura simple e clara, explotando os recursos dos que se dispón e limitando a expresión a estes; recorrendo, entre outros, a procedementos como a definición simple de elementos para os que non se teñen as palabras precisas, ou comezando de novo cunha nova estratexia cando falla a comunciación. |
| | | **B2.2.** Pronunciar e entoar os enunciados de maneira clara e comprensible, aínda que as persoas interlocutoras poidan necesitar repeticións se se trata de palabras e estruturas pouco frecuentes, en cuxa articulación poden cometerse erros que non interrompan a comunicación. |
| | | **B2.3.** Producir textos breves ou de lonxitude media, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, nos que se intercambia información, ideas e opinións, se xustifican de maneira simple pero suficiente os motivos de accións e plans, e se formulan hipóteses, aínda que ás veces haxa vacilacións para buscar expresións e pausas para reformular e organizar o discurso, e sexa necesario repetir o dito para axudar a persoa interlocutora a comprender algúns detalles. |
| | | **B2.4.** Participar en conversas nas que se establece contacto social, intercámbiase información sobre temas sinxelos e habituais, onde se fan ofrecementos ou suxestións, se dan instrucións, e se expresan sentimentos, opinións, acordo e desacordo, sempre que de cando en vez lle repitan ou lle volvan a formular o que din. |
| | | **B2.5.** Interactuar de maneira sinxela pero efectiva en intercambios claramente estruturados, utilizando estratexias de cooperación na interacción e fórmulas ou indicacións habituais para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se poida necesitar a axuda da persoa interlocutora. |
| | | **B2.6.** Comprender preguntas e dar información básica sobre si mesmo e relativas aos ámbitos educativo e persoal (datos persoais, formación, opinións, plans, intereses), aínda que teña que solicitar aclaracións ou repetir as súas respostas para facerse comprender. |
| **B.3.** Comprensión de textos escritos. | B3.1 | **B3.1.** Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. |
| | | **B3.2.** Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas (identificar os conceptos principais e palabras clave do tema, coñecer sinónimos destas e procurar termos relacionados en internet; e localizar recursos da biblioteca do seu centro docente), para a procura de información en diferentes fontes, e analizar a súa credibilidade seguindo criterios como a autoría, a data de publicación, ligazóns relevantes, funcionalidade e tipo de texto (divulgativo, educativo, de opinión, etc.). |
| | | **B3.3.** Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten asuntos cotiáns ou menos habituais, de temas de interese ou salientables para os propios estudos, a ocupación e o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso común, de carácter tanto xeral como máis específico. |
| | | **B3.4.** Comprender a intención de comunicación, fórmulas de saúdo, despedida e outras convencións básicas de correspondencia de carácter persoal e formal, sempre que non conteña expresións idiomáticas, e poder reaccionar de xeito adecuado a tarxetas postais, felicitacións, invitacións, citas médicas, solicitude de información, etc. |
| | | **B3.5.** Seguir instrucións básicas que lle permitan, por exemplo, pór en marcha, manexar ou instalar aparellos ou aplicacións informáticas sinxelas (sempre que conteñan diagramas ou imaxes que faciliten a súa comprensión), entender unha prescrición médica, matricularse nun centro de estudos, etc. |
| | | **B3.6.** Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos breves ou adaptados, ben estruturados, en rexistro estándar da lingua, con argumento lineal e con personaxes, situacións e relacións descritas de xeito claro e sinxelo. |
| **BLOQUE** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** |
| **B.4.** Produción de textos escritos: expresión e interacción. | B4.1 | **B4.1.** Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos breves ou de media lonxitude (por exemplo, reformulando estruturas a partir doutros textos de características e propósitos comunicativos similares, ou redactando borradores previos, e revisando contido, ortografía e presentación do texto antes da súa escritura definitiva). |
| | | **B4.2.** Escribir en papel ou en soporte electrónico, textos breves ou de lonxitude media, coherentes e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, de carácter tanto xeral como máis específico dentro da propia área de especialización ou de interese. |
| | | **B4.3.** Saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet (por exemplo, abreviacións ou outros en chats). |
| | | **B4.4.** Seleccionar e achegar información necesaria e pertinente, axustando de maneira adecuada a expresión ao destinatario, ao propósito comunicativo, ao tema tratado e ao soporte textual, e expresando opinións e puntos de vista coa cortesía necesaria. |
| | | **B4.5.** Tratar a información obtida de diversas fontes, seguindo os patróns discursivos habituais, para iniciar e concluír o texto escrito adecuadamente, organizar a información de xeito claro, ampliala con exemplos ou resumila con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao texto orixinal. |
| | | **B4.6.** Presentar os textos escritos de xeito coidado ( con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.) en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas. |
| **B.5.** | B5.1 | **B5.1.** Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e recoñecer os significados e as intencións comunicativas xerais relacionadas con eles. |
| | | **B5.2.** Recoñecer e utilizar as principais convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación, e de uso de maiúsculas e minúsculas, así como abreviaturas e símbolos de uso |

| | | |
|---|---|---|
| Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural. | B5.2<br>B5.3<br>B5.4<br>B5.5<br>B5.6<br>B5.7<br>B5.8 | común e máis específico; e saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet (por exemplo, abreviacións ou outros en chats). |
| | | **B5.3.** Coñecer e utilizar, para a comprensión e a produción do texto os aspectos socioculturais relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida (hábitat e estrutura socioeconómica), relacións interpersoais (xeracionais, entre homes e mulleres, no ámbito educativo, ocupacional e institucional), comportamento (posturas, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e proxémica) e as convencións sociais (actitudes e valores), así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender información e ideas presentes no texto (por exemplo, de carácter histórico ou literario). |
| | | **B5.4.** Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información, e como instrumento de enriquecemento persoal, ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes. |
| | | **B5.5.** Recorrer aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para identificar marcadores discursivos e tipo de expoñentes lingüísticos necesarios segundo o tipo de texto e a intención comunicativa; mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada. |
| | | **B5.6.** Apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe. |
| | | **B5.7.** Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral e escrita, así como os seus significados asociados (por exemplo, unha estrutura interrogativa para expresar sorpresa); e distinguir a función ou as funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización e á ampliación ou a restruturación da información (por exemplo, nova fronte a coñecida; exemplificación e resumo). |
| | | **B5.8.** Recoñecer, e aplicar á comprensión do texto léxico oral e escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións; así como un repertorio de expresións e modismos de uso frecuente, cando o contexto ou o apoio visual faciliten a comprensión. |
| | | **B5.9.** Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. |

## 10.4. Relación dos distintos aspectos curriculares: contidos, criterios avaliación, competencias clave e estándares de aprendizaxe.

**Todos os estándares serán valorados en cada unha das distintas avaliacións. Ademais, en cada unha, esa valoración farase tendo en conta as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico traballados na aula ata ese momento, cumprindo o criterio de avaliación continua.**

**1ª, 2ª e 3ª avaliacións**

**LENDA TEMAS TRANSVERSAIS:** **CL** (comprensión lectora), **EOE** (expresión oral e escrita), **CA** (comunicación audiovisual), **TIC** (tecnoloxías da información e comunicación), **EMP** (emprendemento), **EC** (educación cívica), **PV** (prevención da violencia)

| CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | IDENT. ESTÁNDAR | COMPETENCIAS CLAVE | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | | | | | | | | TEMAS TRANSVERSAIS | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Proba escrita | Proba compr. oral | Proba expr.oral | Redaccións clase | Exposicións | Role-plays | Caderno | Observ.aula | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |

| CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | IDENT. ESTÁNDAR | COMPETENCIAS CLAVE | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | | | | | | | | TEMAS TRANSVERSAIS | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Proba escrita | Proba compr. oral | Proba expr.oral | Redaccións clase | Exposicións | Role-plays | Caderno | Obs.aula | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
| B1.1 | B1.1 B1.2 B1.3 B1.4 B1.5 | PLEB 1.1. | CCL CAA CSC CCEC | Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada), mellorándoo se é o caso (sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e a velocidade da fala), deducindo intencións a partir do volume da voz do falante, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuíndo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias. | 50% | | | | | | | | X | | X | X | X | X | | |
| | | PLEB 1.2. | CCL CAA CSC CCEC | Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais e a información relevante en presentacións ou en charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un tema educativo ou de divulgación científica ou unha charla sobre a formación profesional noutros países). | 50% | | X | | | | | | X | | X | X | | X | | |
| | | PLEB 1.3. | CCL CAA CSC | Identifica a idea principal e aspectos significativos de noticias de televisión claramente articuladas cando hai apoio visual que complementa o discurso, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturados e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua, e cando as imaxes facilitan a comprensión. | 50% | | X | | | | | | X | | X | X | | X | X | |
| | | PLEB 1.4. | CCL CSC | Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instruci9óns, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico (por exemplo, en contestadores automáticos, ou sobre como realizar un experimento na clase, ou como utilizar unha máquina ou un dispositivo no ámbito ocupacional). | 50% | | X | X | | | X | | X | | X | | | X | X | |
| | | PLEB 1.5. | CCL CSC CCEC | Identifica as ideas principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dous ou máis interlocutores que ten lugar na súa presenza e na que se tratan temas coñecidos ou de carácter xeral ou cotián, cando o discurso está articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua. | 50% | | | X | | | X | | | | X | | | X | X | X |
| | | PLEB 1.6. | CCL CAA CSC CCEC | Entende o esencial do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes, centros docentes e lugares de traballo) ou menos habituais (por exemplo, nunha farmacia, un hospital, nunha comisaría ou nun organismo público), se pode pedir confirmación dalgúns detalles. | 50% | | X | X | | | X | | | | X | | | X | X | |
| | | PLEB 1.7 | CCL CAA CSC CCEC | Comprende, nunha conversa formal, ou entrevista na que participa (p.ex. en centros de estudos ou de traballo), información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible, sempre que se poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore, algo do que se lle dixo. | 50% | | | X | | | X | | X | | X | X | | X | X | |
| | | PLEB 1.8 | CCL CAA CSC CCEC | Comprende, nunha conversa informal na que participa, explicacións ou xustificacións de puntos de vista e opinións sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas (p.ex. a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade). | 50% | | | X | | | X | | | | X | | | X | X | X |
| B2.1 | B2.1 B2.2 B2.3 | PLEB 2.1 | CCL CAA CSC CCEC | Utiliza recursos lingüísticos para entender e facerse entender, como a utilización de expresións memorizadas ou fixas (para pedir que lle falen máis a modo, que lle repitan ou que lle aclaren) e o uso de exemplos e definicións, ou de aspectos paralingüísticos como as acenos, a entoación, etc. | 50% | | | X | | | | | X | | X | | | X | X | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | B2.4<br>B2.5<br>B2.6 | PLEB 2.2 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervén na lingua estranxeira de xeito claro e comprensible, e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | 50% | | | | | | | | X | | X | | | X | X | X |
| | | PLEB 2.3 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | Fai presentacións breves, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual (por exemplo, PowerPoint), sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas dos oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media. | 50% | | | X | | X | | | | | X | | X | X | | |
| | | PLEB 2.4 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto. | 50% | | | X | | | X | | X | | X | | | X | X | |
| | | PLEB 2.5 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiás ou menos habituais, nas que se intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine a literatura ou os temas de actualidade. | 50% | | | X | | | X | | X | | X | | | X | X | X |
| | | PLEB 2.6 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans. | 50% | | | X | | | X | | X | | X | | | X | X | X |
| B3.1 | B3.1<br>B3.2<br>B3.3<br>B3.4<br>B3.5<br>B3.6 | PLEB 3.1 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | Nas actividades de lectura da aula, explica como sabe inferir significados a partir do seu coñecemento do mundo, do coñecemento doutros idiomas, do contexto lingüístico, dos apoios visuais (imaxes, tipografía, deseño, etc), así como das características do medio en que aparece impresa a información (carteis, folletos, revistas, xornais, páxinas web, etc.). | 50% | | | | | | | | X | X | X | | X | X | | |
| | | PLEB 3.2 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | Procura e entende información específica de carácter concreto en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados (por exemplo, enciclopedias, dicionarios, monografías, presentacións) sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses, e analiza a información tendo en conta varios criterios (autoría, fiabilidade da páxina que o publica, datas, etc.) que axuden a avaliar a credibilidade do material. | 50% | X | | | | | | | X | X | X | | X | | | |
| | | | | | | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | | | | | | | | TEMAS TRANSVERSAIS | | | | | | |
| CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | IDENT. ESTÁNDAR | COMPETENCIAS CLAVE | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN | Proba escrita | Proba compr. oral | Proba expr.oral | Redaccións clase | Exposicións | Role-plays | Caderno | Obsr.aula | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
| B3.1 | B3.1<br>B3.2<br>B3.3<br>B3.4 | PLEB 3.3 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo e claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre lecer, cursos, bolsas e ofertas de traballo). | 50% | X | | | | | | | | X | X | X | | X | | |

| CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | IDENT. ESTÁNDAR | COMPETENCIAS CLAVE | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: Proba escrita | Proba compr. oral | Proba expr.oral | Redaccións clase. | Exposicións | Role-plays | Caderno | Obsr.aula | TEMAS TRANSVERSAIS: CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | B3.5 B3.6 | PLEB 3.4 | CCL CAA CSC CCEC CD | Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; recoñece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, sempre que poida reler as seccións máis difíciles. | 50% | X | | | | | | | X | X | X | | X | X | | |
| | | PLEB 3.5 | CCL CAA CSC CCEC CD | Comprende correspondencia persoal en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos, onde se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | 50% | X | | | | | | | X | X | X | | X | | X | X |
| | | PLEB 3.6 | CCL CAA CSC CCEC CD | Entende o suficiente de cartas,faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional, como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estadía de estudos no estranxeiro). | 50% | X | | | | | | | X | X | X | | X | | X | |
| | | PLEB 3.7 | CCL CAA CSC CCEC CD | Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos oi programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural, nunha residencia de estudantes ou nun contexto ocupacional). | 50% | X | | | | | | | | X | X | | X | X | X | |
| | | PLEB 3.8 | CCL CAA CSC CCEC | Comprende os aspectos xerais e os detalles máis relevantes de textos de ficción e textos literarios contemporáneos breves, ben estruturados e nunha variedade estándar da lingua, nos que o argumento é lineal e se pode seguir sen dificultade, e os personaxes e as súas relacións se describen de maneira clara e sinxela. | 50% | X | | | | | | | | X | X | X | X | | | |
| B4.1 | B4.1 B4.2 B4.3 B4.4 B4.5 B4.6 | PLEB 4.1 | CCL CAA CSC | Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que se dá información esencial sobre un tema educativo e ocupacional, ou menos habituais (por exemplo, un accidente), describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos cunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións. | 50% | X | | | X | | | | | | X | | | | X | |
| | | PLEB 4.2 | CCL CAA CSC CCEC CD | Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de texto. | 50% | X | | | X | | | | | | X | | | X | X | |
| | | PLEB 4.3 | CCL CAA CSC CCEC CD | Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e se transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes (por exemplo, nunha páxina web ou unha revista xuvenil, ou dirixidos a un profesor ou a unha profesora), respectando as convencións e as normas de cortesía. | 50% | X | | | X | | | | | | X | | X | | X | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| B4.1 | B4.1<br>B4.2<br>B4.3<br>B4.4<br>B4.5<br>B4.6 | PLEB 4.4 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que se describen experiencias, impresións e sentimentos; narra de forma lineal e coherente feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas (p.ex., sobre unha viaxe, as súas mellores vacacións, un acontecemento importante, un libro ou unha película), ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes, e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles. | 50% | X | | | X | | | | | | X | | X | X | X | X |
| | | PLEB 4.5 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CD | Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para facerse membro dunha asociación ou para solicitar unha bolsa). | 50% | X | | | X | | | | | | X | | X | | | |
| | | PLEB 4.6 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | Escribe o seu currículo en formato electrónico, seguindo, por exemplo, o modelo Europass. | 50% | X | | | X | | | | | | X | | X | X | | |
| | | PLEB 4.7 | CCL<br>CAA<br>CSC | Toma nota, mensaxes e apuntamentos con información sinxela e relevante sobre asuntos habituais e aspectos concretos nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional, dentro da súa especialidade ou área de interese. | 50% | | | | X | | | | X | | X | | | X | | |
| | | PLEB 4.8 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación. | 50% | X | | | X | | | X | | | X | | X | | | |
| B5.1 | B5.1 | PLEB 5.1 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | Exprésase cunha pronuncia clara, aceptable e comprensible, e utiliza adecuadamente os esquemas fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras. | 50% | | | X | | X | X | | X | | X | | | X | X | |
| B5.2 | B5.2 | PLEB 5.2 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | Produce textos escritos en diferentes soportes, sen erros ortográficos e de puntuación que impidan a comprensión, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos. | 50% | X | | | X | | | X | | X | X | | | X | X | |
| B5.1<br>B5.3<br>B5.5<br>B5.6<br>B5.7<br>B5.8 | B5.3<br>B5.4<br>B5.5 | PLEB 5.3 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poidan xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relación coas autoridades, saúde e lecer), e saber solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer un ha reclamación ou unha xestión formal de xeito sinxelo, pero correcta e adecuada ao contexto. | 50% | X | | X | | | X | | X | | X | | | X | X | X |
| B5.3<br>B5.4 | B5.3<br>B5.4<br>B5.6 | PLEB 5.4 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, e establece relación entre aspectos da cultura propia e da cultura meta para cumprir, de ser o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | 50% | | | | | | | | X | | X | | | X | X | X |
| | | | | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | | | | | | | | TEMAS TRANSVERSAIS | | | | | | |

| | | | | | | Proba escrita | Proba compr. oral | Proba expr.oral | Redaccións clase. | Exposicións | Role-plays | Caderno | Obsr.aula | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| B5.3<br>B5.5<br>B5.6<br>B5.7<br>B5.8 | B5.3<br>B5.5<br>B5.7<br>B5.8 | PLEB 5.5 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | Comprende e utiliza con corrección suficiente e adecuación sociolingüística os recursos lingüísticos propios do seu nivel, e frases feitas e locucións idiomáticas sinxelas e habituais da comunidade lingüística correspondente á lingua meta. | 50% | X | | X | X | X | X | | X | X | X | | | X | | |
| B5.6 | B5.8 | PLEB 5.6 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado, o que implica, entre outros, o emprego de sinónimos de uso máis frecuente e de palabras de significación próxima para evitar a repetición léxica. | 50% | X | | X | X | X | X | | X | | X | | | X | | |
| B5.4 | B5.10 | PLEB 5.7 | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais; evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | 50% | | | | X | X | | | | X | X | X | X | X | X | X |

## 10.5. Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación: 4º ESO

| INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN | | | |
|---|---|---|---|
| INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | PESO NA CUALIFICACIÓN | MÍNIMO ESIXIBLE | COMPETENCIA |
| Proba inicial (oral ou escrita) | 0% | 0% | |
| Probas escritas<br>**10.** *Grammar & vocabulary*<br>**11.** *Comprensión Escrita -Reading comprehension*<br>**12.** *Expresión escrita - Writing*<br>Se algunha destas partes se deixa en branco, automaticamente a puntuación será **negativa** (suspenso) posto que non estarían superadas a destreza de comprensión escrita ou ben a de expresión escrita. As preguntas empezarán a puntuar cando o alumno/a conteste correctamente á metade da pregunta. | 30% | 15% | Competencia en Comunicación Lingüística (CCL) |
| Proba de comprensión oral, (*listening*) | 20% | 10% | CCL |
| Proba de expresión oral (*speaking*): Presentacións, traballos orais | 20% | 10% | CCL |
| Proxectos, tarefas e actividades:<br>13. Libro de lectura<br>14. Portfolio, eTwinning…<br>15. Redaccións<br>16. Deberes<br>(Serán valorados de forma competencial mediante rúbricas) | 30% | 15% | Competencia en Conciencia e Expresións Culturais (CCEE)<br>Competencia Dixital (CD)<br>Competencia de Aprender a aprender (CAA)<br>Competencia Social e Cidadana (CSC) |
| EXAME EXTRAORDINARIO: Grammar & vocabulary, reading comprehension, writing,listening and speaking | 100% | 50% | |

# 11. Criterios xerais de cualificación

## 11.1. Procedementos de avaliación e cualificación xerais para todos os cursos.

- En **cada unha** das tres avaliacións faranse as probas que constan no cadro a continuación. Cada unha delas terá un **peso determinado** na cualificación do alumnado e deberán obter unha **porcentaxe mínima** para sumar todas as partes.
- Para calcular a **nota media** de cada unha das avaliacións, aplicaremos a porcentaxe que se especifica a continuación para cada un dos instrumentos de avaliación. Farase un **REDONDEO** da nota sempre que a **observación** ao longo do curso sexa progresiva e a **actitude** positiva.
- A puntuación de cada un dos exercicios das distintas probas aparecerá especificado nas mesmas.

- **AVALIACIÓNS NON SUPERADAS:** A avaliación será continua e, por tanto, **NON** haberá recuperacións.
  - **NOTA FINAL NA AVALIACIÓN ORDINARIA:**. Farase unha media ponderada do curso para obter a nota final. Será necesario ter esta superada cunha cualificación positiva.

| | |
|---|---|
| 1ª Avaliación | 25% |
| 2ª Avaliación | 25% |
| 3ª Avaliación | 50% |

- **CRITERIOS DE CORRECCIÓN.**

  Para a corrección das probas de **expresión escrita *(writing)*** valoraranse os seguintes aspectos:
  - Adecuación á tarefa requerida (carta, e-mail, entrada de blog, narración, …). En caso de que a adecuación sexa nula, é dicir, que a resposta do alumno non teña nada que ver coa tarefa requerida, os demais criterios non serán aplicables.
  - Relevancia do contido e rexistro esixido pola mesma.
  - Coherencia e cohesión da información e das ideas, mantendo a liña discursiva, organizándoa en parágrafos mediante o uso adecuado de conectores discursivos estudados.
  - Variedade e precisión da información, do léxico e das estruturas empregadas.

- Corrección gramatical (estruturas verbais e nominais, dominio no uso dos tempos adecuados á tarefa), léxica e ortográfica, aínda que pode haber pequenos erros que non impidan a comprensión.

- **AUSENCIA ÁS PROBAS:** As faltas de asistencia a un exame deberán sempre xustificarse utilizando o impreso oficial do centro e debe ir acompañado da **xustificación legal** por escrito que demostre o motivo da falta de asistencia: xustificante de consulta médica, xustificante de enfermidade por parte dun médico, xustificación de exames oficiais ou outros similares.

  Os alumnos que presenten a debida xustificación realizarán a proba ao día seguinte da falta, salvo que o profesorado o considere máis oportuno noutro momento para non entorpecer o desenvolvemento das actividades educativas planificadas, e serán os alumnos quen se dirixan ao profesorado para xustificar a súa falta e acordar unha data para realizar o exame.

- **UTILIZACIÓN DE MÉTODOS ILEGAIS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS :** Se o profesor descubre a un alumno utilizando calquera método ilegal para a realización de calquera das probas ("chuletas", uso do móbil e outros aparatos electrónicos, etc…), este terá automaticamente a **avaliación suspensa**.

## 11.2 PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.

- O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria (xuño) terá que realizar un **EXAME EXTRAORDINARIO (setembro)**, que constará das seguintes partes e coa ponderación que consta no cadro.

| PARTES | PONDERACIÓN |
|---|---|
| Grammar | 30 % |
| Vocabulary | 10 % |
| Reading comprehension | 20 % |
| Writing | 20 % |
| Listening | 10% |
| Speaking | 10% |

- Para obter unha cualificación positiva, ningunha das partes anteriores pode estar completamente en branco.
- A puntuación de cada parte e de cada exercicio aparecerá especificada no exame.
- Os exercicios terán como referente os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe da materia.
- A nota que obterá o alumno na avaliación extraordinaria será obxecto de **redondeo** ao seguinte enteiro a partir das 5 décimas.

## 11.3. Actividades de recuperación

- Faranse revisións e práctica extra naqueles puntos nos que os resultados das probas indiquen que é necesario facelas.

- Ao alumnado con materia pendente se lle facilitará material de reforzo.
- Nos exames posteriores ás devanditas actividades de reforzo poderanse incluír as preguntas que se consideren oportunas para comprobar se esta práctica extra tivo as consecuencias positivas requiridas.
- Terase en conta o progreso do alumnado coa materia pendente no curso superior dada a continuidade derivada de ser unha lingua, de maneira que poderá aprobar a materia pendente se aproba as dúas primeiras avaliacións do curso superior. Se non supera as dúas primeiras avaliacións do curso pendente, terá unha proba extraordinaria en maio, de comprensión e expresión escrita, gramática e vocabulario. Non se da ningún caso dun alumno coa materia suspensa dous anos anteriores.

## 12. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

Entre estas medidas estableceranse aquelas que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Realizaranse adaptacións curriculares (**ACIs**) procurando o máximo desenvolvemento posible das competencias; a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións.

En calquera caso, o alumnado con adaptacións curriculares significativas deberá superar a avaliación final para poder obter o título correspondente.

Teranse en conta as distintas capacidades do alumnado, as distintas intelixencias e abilidades, e os distintos ritmos de aprendizaxe.

Cada alumno/a ten a súa propia capacidade para aprender cousas e retelas (competencia de aprender a aprender), sen que isto sexa sinónimo da súa capacidade intelectual, e todos/as son quen de acadar un nivel mínimo independentemente do ritmo de traballo que poida ter cada un/ha. A aprendizaxe colaborativa reforza esta idea. No traballo individual proporanse distintas actividades que se adapten aos distintos niveis e ritmos, con actividades de reforzo ou extensión, según a necesidade.

Na nosa práctica docente partiremos de catro ámbitos de diversidade para tratar de chegar a todo o alumnado:

- **Capacidade para aprender:** cada alumno/a ten o seu propio ritmo de aprendizaxe. Partimos da base de que todos son capaces de alcanzar un nivel mínimo, sempre que sigan un ritmo sostido de traballo, que pode ser diferente para cada un. Por iso é importante incluír sempre un repaso continuo de estruturas e vocabulario e ofrecer, se é necesario, tarefas de distinto nivel. Os materiais didácticos que utilizamos ofrecen todos esta posibilidade, xa que as actividades do libro de texto sempre empezan desde un nivel máis sinxelo e van aumentando en dificultade. Contamos tamén con recursos para o profesorado que ten material de reforzo e ampliación moi útil para atender á diversidade na aula, ademais doutros recursos como pode ser internet.
- **Motivación para aprender:** A motivación do alumno/a para aprender é moi diversa, sobre todo cando se trata dun idioma, xa que depende moito do historial de éxito ou de fracaso que tivese ata ese momento. En moitas ocasións, a motivación está directamente condicionada polo ambiente e polo contexto no que os alumnos se desenvolven. Tendo isto en conta, o material didáctico que selecciona o Departamento sempre está acorde a este criterio e debe abordar temas adaptados á súa idade, experiencias e contorno e, a poder ser, que fagan posible a implicación emocional dos alumnos/as, dado o noso convencemento de que cando se apela ao que directamente lles afecta e lles interesa, a resposta ante o estímulo está asegurada.
- **Estilos de aprendizaxe:** como é ben sabido, o alumno/a pode ser reflexivo ou impulsivo cando se enfronta ás súas tarefas escolares. Algúns alumnos poden reaccionar moi rapidamente e non obstante necesitar varios intentos para asimilaren unha idea, mentres que outros poden traballar máis a conciencia e aprender máis amodo conseguindo o mesmo resultado. Este factor foi tido en conta dun modo sistemático. Por exemplo, á hora de ensinar as estruturas inclúense táboas e exercicios para aprender e repasar a gramática punto por punto, e tamén unha ampla repetición e práctica en distintas situacións para aqueles alumnos/as que non usen tanto o estilo analítico cando aprenden. Pensando nos diferentes estilos e niveis de desenvolvemento das capacidades de aprendizaxe buscaranse actividades que dan cabida aos distintos estilos de aprendizaxe, enmarcadas nunha secuencia de estratexias para que desenvolvan a súa autonomía en cada destreza comunicativa. Por iso fomentamos a reflexión dos alumnos/as sobre a súa propia aprendizaxe, para que sexan conscientes do seu progreso e tamén aprendan de xeito máis efectivo; isto implica unha maior motivación e responsabilidade por parte do alumnado.
- **Intereses do alumnado:** o seu interese por aprender un idioma varía moito dependendo da súa motivación e/ou necesidade de facelo. Por iso trataranse unha gran variedade de temas, intentando que sexan de interese para a maioría. Ademais, as funcións lingüísticas serán seleccionadas co fin de que as poidan poñer en práctica nun futuro próximo, tales como as necesarias para responder un test de cultura xeral, manter conversacións informais entre a mocidade, escribir correos electrónicos, entender a xente da súa idade doutros países, etc.

## 12.1. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NO PRESENTE CURSO.

| MEDIDAS ORDINARIAS | |
|---|---|
| **ORGANIZATIVAS** | **CURRICULARES** |
| • **Aula de convivencia:** cando un alumno sexa enviado á aula de convivencia, o profesor indicaralle que traballo deberá facer alí.<br><br>• **Alumnado con dificultades:** reforzos puntuais a través de explicacións individualizadas durante a clase; actividades e exercicios adicionais de repaso e consolidación; bibliografía adicional e relación de páxinas web que permitan aos alumnos repasar e afondar nos aspectos máis complexos traballados na aula. | • **Alumnado repetidor:**<br><br>▸ **Coa materia de inglés aprobada:** no caso dos alumnos que xa superaron os obxectivos de inglés pero están repetindo, se o profesor o ve conveniente, proporánselles actividades de ampliación, lecturas complementarias adaptadas ao nivel e tarefas con maior grao de dificultade para que poidan seguir traballando a súa competencia comunicativa.<br><br>▸ **Coa materia de inglés suspensa:** aplicaránselles as mesmas medidas que aos alumnos non repetidores, é dicir, no caso de velo necesario, seguiremos as mesmas medidas que para o alumnado que ten máis dificultades (columna da dereita). |

| MEDIDAS EXTRAORDINARIAS | |
|---|---|
| **ORGANIZATIVAS** | **CURRICULARES** |
| | • **Adaptacións curriculares:** no presente curso hai 6 ACIs en Secundaria en Linguas Estranxeiras.<br><br>Para cada un destes alumnos, o Departamento elaborou cadernos de traballo que deben realizar adaptados a esa adaptación curricular. |

# 13. METODOLOXÍA

## 13.1. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS.

### 13.1.1. Aspectos xerais.

As bases metodolóxicas que inspiran a nosa práctica docente na nosa materia son as seguintes:
A metodoloxía ha de ser variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, tendo en conta os seguintes principios metodolóxicos:

- ✓ Buscar unha aprendizaxe activa e participativa.
- ✓ Favorecer o traballo individual e cooperativo para o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.
- ✓ Traballar en equipo do profesorado para ter un enfoque multidisciplinar.
- ✓ Utilizar estratexias para alcanzar estándares de aprendizaxe avaliables.
- ✓ Utilizar mecanismos de reforzo tanto organizativos como curriculares.
- ✓ Prestar especial atención á comprensión lectora e escrita, á comunicación audiovisual e o emprendemento.
- ✓ Participar dos recursos e actividades da biblioteca escolar.
- ✓ Impartir de forma integrada as linguas de estudo do alumnado.
- ✓ Participar en proxectos europeos que favorezan a interculturalidade e o desenvolvemento de diversos valores no alumnado.
- ✓ Utilizar medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas na ensinanza e avaliación da lingua estranxeira.
- ✓ Integrar as catro destrezas lingüísticas (comprensión e expresión escrita, compresión e expresión oral, isto é, ler, escribir, entender o escoitado e falar), capacidades necesarias para acadar unha auténtica competencia comunicativa. Farase dentro dun método estructurado onde partindo das competencias clave recollidas na LOMCE , os contidos e os criterios de avaliación, o alumnado deberá alcanzar os obxectivos de cada un dos niveis.

Isto concretarase na aula coa realización de tarefas e proxectos xunto con actividades comunicativas e gramaticais, e recursos creados pola propia profesora ou extraídos de bancos de recursos, sobre todo tipo **REA** (Recursos Educativos Abertos e compartidos por a comunidade educativa con software libre e licencia Creative Commons ), que serán reforzados con actividades guiadas no libro de texto, que pouco a pouco irá desaparecendo do enfoque da materia, para ser un elemento mais de apoio.

Os materiais buscarán o interese do alumnado, partindo da realidade mais cercana a eles para sentirse motivados no proceso ensino-aprendizaxe, e fomentando a aprendizaxe cooperativa. Utilizarase, dentro do posible, material real (folletos, libros, revistas,

tickets, menús, videos, etc)

Cada nivel educativo terá o seu correspondente curso dentro da aula virtual do centro, onde o alumno disporá de apoio á exposición de cada tema, e recursos interactivos. Ao tempo, o alumnado fará uso de portfolios, e cadernos de aprendizaxe para reflexionar sobre a súa aprendizaxe particular e as estratexias de aprendizaxe.

No mesmo senso, a participación no uso do **Portfolio Europeo das Linguas** (*European Language Portfolio,* ELP), co uso de carpetas que inclúan referencias aos seus estilos de aprendizaxe, obxectivos de mellora, progresos e un rexistro dos contactos mantidos con falantes nativos ou dos intercambios culturais con comunidades de fala inglesa, ten como fin animar na aprendizaxe das linguas así como a favorecer o entendemento e tolerancia entre as culturas desas linguas. Os compoñentes do Portfolios son os seguintes:

• Un *Pasaporte de linguas* no que o alumno/a rexistra as cualificacións que vai obtendo e o seu progreso no idioma mediante unha escala de autoavaliación recoñecida internacionalmente.
• Unha *Biografía lingüística* na que reflexiona sobre o que sabe facer no idioma que está a aprender e se autoavalía de maneira realista.
• Un *Dossier* que contén exemplos de traballos realizados no centro educativo en varios formatos (gravacións de audio / vídeo, tarefas escritas e informes de visita), ademais da documentación que acredite a información contida no *Pasaporte* e a *Biografía.*

Co seu uso o alumnado de linguas debe responsabilizarse da súa aprendizaxe e adoptar unha actitude o máis activa posible á hora de establecer obxectivos e traballar para acadalos.

No noso centro participamos no programa do Portfolio Europeo das Linguas, coas correspondentes carpetas no primeiro ciclo, pero en segundo ciclo crearanse similares entre o alumnado e a profesora.

Publicaranse os traballos do alumnado na **web** do centro, no apartado do **DEPARTAMENTO DE INGLÉS.** Todas as actividades, tarefas e proxectos versarán sobre distintos temas socioculturais e interdisplinares, sempre dentro dos niveis correspondentes fixados polo Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

Continuaremos participando en proxectos eTwinning o que implica, ademais das actividades, os intercambios de cartas e conferencias vía **Skype** cos centro educativos participantes.

Realizaranse traballos interdisciplinares sobre todo coas materias con seccións bilingües, de modo que os temas traballados nesas materias servirán como base de vocabulario e tarefas de estudo e comunicativas na clase de inglés, todo ese vocabulario e temas estará a disposición do alumnado na **web** do centro e na **aula virtual** como apoio, reforzo e extensión.

Será obxecto deste curso escolar o integrar o teatro na clase de lingua como elemento dinamizador e motivador da materia, especialmente en 2º ESO, como continuación á dinámica da materia plurilingüe de libre configuración de 1º de ESO, ‘DRAMA’.

#### 13.1.2. Secuenciación habitual do traballo na aula: tipoloxía das actividades.

- **Actividades de inicio da lección** (para activar coñecementos previos nos temas novos que se van traballar ou de repasar os xa traballados): actividades de *brainstorming*, de repaso, mediante xogos, intercambios comunicativos con soporte de *flashcards*, posters, cancións, etc.
- **Actividades de desenvolvemento da lección** (distintos tipos de actividades que apelan ás intelixencias múltiples e están destinadas á facilitar a adquisición, fixación, evolución e mellora das diversas destrezas que conforman a maior parte da competencia da lingua inglesa): actividades de vocabulario relacionado cos diversos campos conceptuais, lectura e comprensión de textos, exercicios gramaticais, práctica dos sons estudados, diversas actividades de comprensión e expresión oral e comprensión e expresión escrita.
- **Actividades de reforzo e ampliación** (adaptadas aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación e que teñen como obxectivo que o alumno participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e alcance o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese): a diversidade de actividades e exercicios que se propoñen posibilita que todos os alumnos atopen algún que estea de acordo ao seu estilo e ritmo de aprendizaxe. Ademais utilizaremos outros materiais de diversa índole, desde actividades propostas polo libro de texto e todo o seu banco de recursos, incluido o *Interactive* ata as actividades elaboradas pola propia profesora ou en banco de recursos, dixitais ou en papel.
- **Actividades de desenvolvemento das competencias clave** (contribúen máis especificamente ao desenvolvemento dunha ou varias competencias clave): *brainstorming*, *roleplays*, actividades interactivas e no encerado dixital, actividades baseadas en distintos soportes, de investigación ou estudos de casos, en grupo, liñas de tempo para biografías,exposicións e presentacións, dramatizacións, realización de videos, book trailers, etc., tentos culturais, cancións, rimas, etc...
- **Actividades de avaliación:** a profesora avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado e o seu logro das competencias coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente. As actividades de avaliación pódense clasificar en varios niveis.

### 13.2. OUTRAS DECISIÓNS METODOLÓXICAS.

#### 13.2.1. Agrupamentos.

Á hora de realizar as tarefas, completar as actividades, proxectos, etc. a organización dos alumnos realizarase en función do tipo de interacción que se dá nese momento na aula: profesor-alumno, traballo individual, traballo en parellas, traballo en grupo. O profesor fará os agrupamentos necesarios na clase a partir da observación do grupo e sempre tendo como finalidade a mellora no proceso de ensino-aprendizaxe.

### 13.2.3. Tempos.

A materia de inglés ten unha asignación horaria de 3 períodos semanais.

### 13.2.3. Espazos.

As clases terán lugar na aula de na que contamos cos medios que necesitamos no día a día. Sen embargo, se fose necesario contar con ordenadores para os alumnos, os profesores teríamos que reservar algunha das aulas nas que dispoñemos de ordenadores ou ben a biblioteca, onde temos catro ordenadores a disposición do alumnado. Este curso está disposto que un día cada dúas semás con cada grupo, traballarase na aula de informática.

### 13.2.4. Materiais.

- Libros de texto empregados:

| | TÍTULO | AUTOR(ES) | EDITORIAL |
|---|---|---|---|
| **1º E.S.O.** | *Way to English 1* | Linda Marks & Emily Devlin | Burlington Books |
| **2º E.S.O.** | *Way to English 2* | Linda Marks & Emily Devlin | Burlington Books |
| **3º E.S.O.** | *New English in Use 3* | Linda Marks &Charlotte Addison | Burlington Books |
| **4º E.S.O.** | *New English in Use 4* | Linda Marks &Charlotte Addison | |

- *Workbook*, *Teacher's Guide*, *Teacher's Resource Pack*/CD-ROM, *class audio* CDs, DVDs e libro dixital de cada un dos libros de texto utilizados.
- Dicionarios bilingües
- Libros de lectura (biblioteca de aula e biblioteca escolar).
- Revista ‘ I ILove English’
- Material complementario elaborado polo profesorado.
- Caderno dos alumnos.
- Carpetas do programa Portfolio individualizadas.

- Ordenadores: PCs (na aula de Informática e na biblioteca) .
- Reprodutores de CD.
- Encerados Dixitais en todas as aulas de ESO.
- Conexión a Internet (WiFi).

### 13.2.5. Recursos didácticos.

- Páxinas web relacionadas cos libros de texto (enlaces dentro do propio libro)
- Actividades interactivas en páxinas web para a aprendizaxe de inglés como lingua estranxeira onde poden poñer en práctica todas as destrezas.
- *Interactive*: aplicación de vocabulario para descargar no móbil ou usar no PC correspondente ao libro de texto.
- Ferramentas da web 2.0: *Google Sites, Google Drive, You Tube,* etc...
- Uso de vídeos e cancións, especialmente vídeos relacionados coa cultura dos países de fala inglesa. (dentro da ferramenta I*nteractive* ou doutras páxinas como http://www.oxfordculturemania.es)
- Consulta de periódicos e revistas online.
- Dicionarios online.
- Xogos de taboleiro (numerosas ideas en Internet).
- Uso de *realia*: folletos, tíckets, ...
- Uso das plataformas da Aula Virtual do centro, TwinSpace (eTwinning) e Mahara (ePortfolio).

## 14. Contribución ao Plan Lector

- Ao tratarse dunha lingua, queda implícita a necesidade de traballar a comprensión escrita, polo que tódolos días haberá un tempo mínimo de lectura, seguido de exercicios de comprensión. En moitas ocasións as lecturas dos textos irán acompañadas de audicións dos mesmos, para desenvolver a comprensión auditiva, a pronunciación e a entoación.
- Lectura obrigatoria dunha obra adaptada para cada avaliación e nivel. Unha será a adaptación dunha obra literaria (clásica ou actual, outra servirá de base para as actividades relacionadas co tema da semana cultural (o medioambiente). Realizaranse actividades baseadas nas lecturas como roleplays, podcasts, book trailers e exposicións.

| | 1ª AVALIACIÓN | 2ª AVALIACIÓN | 3ª AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|
| 1º ESO | The Happy Prince | Animals in Danger | Nurse Matilda |
| 2º ESO | A Christmas Carol | White Fang | The Elephant Man |
| 3º ESO | Two Explorers: Marco Polo and Roald Amudsen | A Sherlock Holmes Collection | An Eskimo Adventure |
| 4º ESO | People Who Changed the World | Witches, Secrets and Lies | The Call of the Wild |

- Así mesmo, realizaranse actividades relacionadas coas conmemoracións literarias: *Harry Potter, The Little Prince, Frankenstein*.
- En 4º ESO, con motivo do bicentenario de Jane Austen, realizarase unha actividade tomando como referencia *Pride and Prejudice* e *Bridget Jones's Diary*, reflexionando sobre o papel da muller na sociedade.
- Segue a **biblioteca de aula** á disposición do alumnado, tanto de libros de gramática, vocabulario, etc, como lecturas tanto adaptadas como orixinais pero correspondentes a súa idade. Neste curso trataremos de dinamizala facendo actividades que esperten o interese dos alumnos e alumnas, pois finalmente o ano pasado non foi posible facelo a pleno rendimento. Para iso, crearemos o *Reading Passport* (pasaporte de lectura) onde cun selo quedará refrendado a finalización da lectura dun libro. Haberá encargados e axudantes da biblioteca que serán voluntarios e mensuais para por os selos nos pasaportes. Tras a lectura cada alumno cubrirá dúas fichas, a primeira *I recommend...* onde o alumnado poderá recomendar e expresar dun xeito voluntario a súa valoración ou recomendación sobre esa obra. A outra ficha *My book* ,será técnica cos datos do libro e unha pequena sinopsis. A profesora levará un libro de rexistros das lecturas, e exporanse nun taboeiro, *Our favourite stories*, todas as recomendacións e calquera dato curioso que o alumnado queda engadir relacionado co libro (outras versións ou formatos como películas, banda deseñada, cancións, etc)
- Participarase nas actividades propostas dende a **biblioteca escolar** ( a profesora de inglés forma parte do equipo de traballo de dinamización da biblioteca). Se desenvolverán actividades partindo do tema da constelación, polo momento sen determinar.

## 15. Contribución ao Plan de Integración das TIC.

- O curso pasado dixitalizáronse todas as aulas de secundaria, e renováronse os equipos da aula de informática, polo que esperamos ter acceso a ela para poder desenvolver mais actividades integrando as TIC na materia. Seguiremos a traballar con **Aula Virtual** onde o uso de ferramentas da web 2.0 estará presente, así coma na realización dos proxectos do seguinte modo:
- Uso de material dixital na explicación dos temas: diapositivas elaboradas pola profesora, actividades interactivas, páxinas web especializadas,…
- Utilización da páxina web do centro como medio de transmisión de información e realización de actividades.
- Busca de información por parte do alumnado a través das TICs.
- Realización de traballos utilizando recursos dixitais e ferramentas da web 2.0.
- Uso da plataforma **Mahara** para a realización de traballos e actividades e desenvolvemento de competencias claves.

## 16. Elementos transversais

- Traballarase, como xa se mencionou anteriormente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunica ción, o emprendemento, asi como a educación cívica .
- Tamén se fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores quesustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

- Para iso o departamento de inglés participará en proxectos que incidan no seu fomento, principalmente nos temas das secuencias de aprendizaxe, dos proxectos da materia e do programa eTwinning, e dende a aprendizaxe colaborativa (traballando especialmente as dinámicas de grupo que favorezan o respeto).
- Realizaranse actividades de aula a partir das conmemoracións oficiais:

| DATA | EVENTO | ACTIVIDADE |
|---|---|---|
| Outubro ou novembro | Samaín /Halloween | Lectura conto de terror<br>Lectura de tradicións de Halloween<br>Pasapalabra |
| 20 novembro | Día universal da infancia | Según o nivel, distintas actividades de lectura, investigación e exposición, sobre traballo infantil no mundo. |
| 24 (25) novembro | Día Internacional contra a violencia de xénero | Estudo do rol da muller na sociedade partindo de textos seleccionados e adaptados de *Pride and Prejudice* and *Bridget Jones's Diary* (4º ESO) |
| 27 nov-1 decembro | Día internacional das persoas con discapacidade | Según o nivel, distintas actividades de lectura, para reflexión. |
| 30 xaneiro | Día da non-violencia e a paz | Realización de presentacións sobre personaxes históricos relacionados co tema. |
| 9 febreiro | Entroido | Entroidos no mundo (Notting Hill, Mardi Gras). Lecturas, videos, xogos, representación. |
| 5-9 marzo | Semana da prensa | Elaboración dunha revista |
| 8 marzo | Día internacional da muller | Sen concretar |
| 15 marzo | Día internacional dos derechos d@ consumidor/a | Sen concretar |
| 7 abril | Día mundial da saúde | Sen concretar |
| 23-27 abril | Semana do libro | Actividades relacionadas coas conmemoracións literarias: 20 anos da publicación de *Harry Potter* e 75 de *The Little Prince* |
| 9 maio | Día de Europa | Lecturas sobre a historia de Europa |

| | | |
|---|---|---|
| 11-15 xuño | Día do LGTB | Sen concretar |

- Ademais celebraremos as propias conmemoracións culturais anglosaxonas:

| | | |
|---|---|---|
| 30 outubro | Halloween | |
| 5 novembro | Guy Fawkes Night | Lectura da historia e actividades de comprensión. |
| 18-21 decembro | Nadal | Actividades de lectura e xogos de vocabulario |
| 17 marzo | St. Patrick | Webquest e xogos |
| 26-30 marzo | Easter | Easter Egg Hunt |
| 1 abril | April's Fool | Fake stories |

## 17. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRA ESCOLARES

As actividades complementarias estarán en función dos proxectos e tarefas a realizar. Tratarase de facer movimentos de aprendizaxe hacia dentro e fora da aula, o que significa que tentarase que teñamos visitas de persoas relevantes para a materia e o alumnado participarán nalgunha actividade para poñer en práctica os seus coñecementos.

- Dentro da propia materia:
- ✓ Realizarase unha gynkhana onde entrevistarán a turistas e resolverán cuestións seguindo pistas en inglés.
- ✓ Teatro para representar nas celebracións educativas.
- ✓ Asistencia a representación teatral en inglés.
- ✓ Celebración dalgunha actividade cultural relacionada coa cultura anglosaxona na Semana Cultural do centro (desayuno inglés ou americano con pancakes e sirope de arce) , caza de ovos de Pascua.
- ✓ Creación dun blog sobre a vida no centro con 3º e 4º ESO.
- ✓ Participación de todo o alumnado de secundaria no concurso: *The Big Challenge*
- ✓ Actividades derivadas da participación en proxectos.
- ✓ Participación en actividades con seccións bilingües e plurilingües: obras de teatro en **DRAMA**, saídas se as hai, etc.

Estas actividades xa contan na PXA do centro e xa está informado o Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares

| ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES Departamento de Inglés | | CURSO 2016/17 | |
|---|---|---|---|
| **Actividade** | **Profesor responsable** | **Datas previstas** | **Cursos** |
| Cultura anglosajona na Semana Cultural | M Asunción del Valle | Abril 2018 | 1º ESO |
| Viaxe final etapa | M.Asunción del Valle-Patricia Lage | Marzo 2017 | 4º ESO |
| The Big Challenge ( concurso internacional) | M. Asunción del Valle | 17- Abril 2018 | Todos |
| Theatre | M. Asunción del Valle | 19-Febreiro 2018 | Todos |
| Yinkana cultural en Santiago | M. Asunción del Valle | Maio 2018 | 3º -4º |

## 18. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.

Para a avaliación do proceso de ensino e a práctica docente seguiremos as seguintes táboas e analizaremos os resultados nas distintas reunións do Departamento, deixando constancia desa análise nas actas das reunións e realizando as propostas de mellora que se consideren oportunas.

| INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| **1.** O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. | | | | |
| **2.** Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. | | | | |
| **3.** Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. | | | | |
| **4.** Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. | | | | |
| **5.** Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. | | | | |
| **6.** Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. | | | | |
| **7.** Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| **8.** Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| **9.** Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **10.** Usáronse distintos instrumentos de avaliación. | | | | |
| **11.** Dáse un peso real á observación do traballo na aula. | | | | |
| **12.** Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. | | | | |

| INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| **1.** Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. | | | | |
| **2.** Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | | | |
| **3.** Elabóranse actividades atendendo á diversidade. | | | | |
| **4.** Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. | | | | |
| **5.** Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | |
| **6.** Combínase o traballo individual e en equipo. | | | | |
| **7.** Poténcianse estratexias de animación á lectura. | | | | |
| **8.** Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. | | | | |
| **9.** Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. | | | | |
| **10.** Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. | | | | |
| **11.** Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc. | | | | |
| **12.** Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. | | | | |
| **13.** Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros. | | | | |
| **14.** Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación. | | | | |
| **15.** Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas. | | | | |
| **16.** As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **17.** Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación… | | | | |

# 19. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

## 19.1. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica

- **A realización:** Para analizar a realización da práctica docente, crearase unha rúbrica onde os indicadores analizarán:

  - A motivación inicial despertada no alumnado con cada unidade.
  - A motivación ao longo do todo o proceso de aprendizaxe.
  - A presentación dos contidos (relación contidos-actividades entre sí e cos intereses do alumnado, estrutura e organización,
  - Actividades na aula (axeitadas ao alumnado, de diagnóstico, introducción, práctica, consolidación, extensión, reforzo, equilibradas entre individuais e grupais…)
  - Recursos e organización da aula (distribución do tempo, agrupamentos e clima de traballo, recursos didácticos.
  - Instruccións, aclaracións e orientacións ás tarefas do alumnado (facilitar estratexias de aprendizaxe, control dos traballos, retroalimentación).
  - Clima da aula ( respeto, convivencia, inclusión)
  - Seguimento do proceso ensino-aprendizaxe (revisión frecuente de tarefas con comentarios personalizados, procesos de autoavaliación e coavaliación, actividades extras que favorezan a adquisición dos contidos)
  - Diversidade (ritmos e capacidades).

  A mesma rúbrica adaptada será entregada ao alumnado cada trimestre.

- **A avaliación:** adecuación de procesos, instrumentos, criterios e tipos de avaliación, técnicas e estratexias en función do alumnado, información ás familias.

- **Periodicidade coa que se revisará:** en cada reunión do Departamento farase un seguimento do desenvolvemento da programación, aínda que será ao final de cada avaliación cando se revise de xeito máis exhaustivo, de cara a facer as propostas

de modificación que se consideren oportunas e que constarán nas actas de reunión do Departamento. Esas propostas tamén se recollerán na memoria de final de curso do Departamento co obxectivo de adaptar todos os aspectos que se consideren oportunos o seguinte curso académico, sempre coa finalidade de obter unha maior eficacia no proceso de ensino e aprendizaxe e mellorar a nosa práctica docente na medida do posible.

- Ao finalizar cada unha das avaliacións faremos tamén especial fincapé na temporalización, xa que en caso de haber desfases nos tempos sería necesario reaxustalos e, probablemente, tomar algún tipo de decisión en canto os contidos.

- Cando se considere que a programación é mellorable nalgún destes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a buscar solucións. Ditas accións de mellora recolleranse nas actas de departamento e na memoria final de curso para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.

- Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior.

- Para levar a cabo a revisión da programación, tomaremos como referencia a seguinte táboa e logo analizaremos os resultados.

| MECANISMO DE AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA<br>Indicadores de logro | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| **1.** Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. | | | | |
| **2.** Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos. | | | | |
| **3.** O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. | | | | |
| **4.** Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos. | | | | |
| **5.** Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar. | | | | |
| **6.** Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación. | | | | |
| **7.** Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación. | | | | |
| **8.** Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver. | | | | |
| **9.** Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. | | | | |
| **10.** Adecuación da secuencia de traballo na aula. | | | | |
| **11.** Adecuación dos materiais didácticos utilizados. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **12.** Adecuación do libro de texto (no caso de que se use). | | | | |
| **13.** Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. | | | | |
| **14**. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares. | | | | |
| **15.** Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato]. | | | | |
| **16.** Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. | | | | |
| **17.** Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación. | | | | |
| **18.** Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. | | | | |
| **19.** Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. | | | | |
| **20.** Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. | | | | |
| **21.** Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. | | | | |
| **22.** Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar. | | | | |
| **23.** Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares. | | | | |
| **24.** Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE. | | | | |
| **25.** Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas. | | | | |
| **26.** Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos. | | | | |
| **27.** Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción. | | | | |
| **28.** Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso. | | | | |
| **29.** Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro. | | | | |
| **30.** Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia. | | | | |

- **Conclusión sobre a análise da revisión:** unha vez analizados os distintos aspectos expostos, faremos as propostas de mellora e/ou modificación da programación seguindo este esquema:

| |
|---|
| ◆ Contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista: |
| ◆ Medidas que se adoptarán como resultado da revisión: |
| ◆ Outras observacións: |

| MEMBRO DO DEPARTAMENTO | SINATURA |
|---|---|
| Mª Asunción del Valle Cortiñas | |

# ANEXO 1: RÚBRICA DE AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS

| Competencias | Instrumentos para avaliar | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Traballo en clase | Proba escrita | Proba oral | Workbook | Portfolio | Outros | ACÁDAO | NON O ACADA TOTALMENTE | ACÁDAO CON DIFICULTADE | NON O ACADA |
| 1. Comunicación lingüística | | | | | | | | | | |
| Establece vínculos e relacións construtivas cos demais e co contorno, e achégase a novas culturas, que adquiren consideración e respecto. | | | | | | | | | | |
| Usa a comunicación lingüística como motor da resolución pacífica de conflitos. | | | | | | | | | | |
| Expresa e comprende as mensaxes orais en situacións comunicativas diversas e adapta a comunicación ao contexto. | | | | | | | | | | |
| Produce textos orais axeitados a cada situación, empregando códigos e habilidades lingüísticas e non lingüísticas, así como das regras propias do intercambio comunicativo. | | | | | | | | | | |
| Procura, recompila e procesa información para comprender, compor e empregar distintos tipos de textos con intencións comunicativas ou creativas diversas. | | | | | | | | | | |
| Fai uso da lectura como fonte de pracer, de descubrimento doutros contornos, linguas e culturas, de fantasía e de saber. | | | | | | | | | | |
| Expresa e interpreta diferentes tipos de discurso consonte a situación comunicativa en diferentes contextos sociais e culturais. | | | | | | | | | | |
| Ten conciencia das convencións sociais, dos valores e aspectos culturais e da versatilidade da linguaxe en función do contexto e a intención comunicativa. | | | | | | | | | | |
| Le, escoita, analiza e ten en conta opinións distintas á propia. | | | | | | | | | | |
| Expresa axeitadamente as propias ideas e emocións, así como acepta e realiza críticas con espírito construtivo. | | | | | | | | | | |
| Enriquece as relacións sociais e desenvólvese en contextos distintos ao propio, comunicándose nunha lingua estranxeira, cando menos. | | | | | | | | | | |
| Accede a máis e diversas fontes de información, | | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| comunicación e aprendizaxe. | | | | | | | | | | |
| 2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía | | | | | | | | | | |
| Produce e interpreta distintos tipos de información, amplía o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, e resolve problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral. | | | | | | | | | | |
| Interpreta e expresa con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións. | | | | | | | | | | |
| Aplica a información a unha maior variedade de situacións e contextos, segue cadeas argumentais identificando as ideas fundamentais, e estima e axuíza a lóxica e validez de argumentacións e informacións. | | | | | | | | | | |
| Identifica a validez dos razoamentos e valora o grao de certeza asociado aos resultados derivados dos razoamentos válidos. | | | | | | | | | | |
| Identifica situacións que precisan elementos e razoamentos matemáticos, aplica estratexias de resolución de problemas e selecciona as técnicas axeitadas para calcular, representar e interpretar a realidade a partir da información dispoñíbel. | | | | | | | | | | |
| Emprega elementos e razoamentos matemáticos para interpretar e producir información, resolve problemas provenientes da vida cotiá e toma decisións. | | | | | | | | | | |
| Comprende sucesos, predí consecuencias, e mellora e preserva as condicións de vida propia e dos demais; ademais, desenvólvese axeitadamente, con autonomía e iniciativa persoal en diversos ámbitos da vida e do coñecemento. | | | | | | | | | | |
| Aplica os conceptos e principios básicos que permiten a análise dos fenómenos desde os diferentes campos de coñecemento científico. | | | | | | | | | | |
| Percibe de maneira axeitada o espazo físico no que se desenvolven a vida e a actividade humana e interactúa co espazo circundante. | | | | | | | | | | |
| Demostra espírito crítico na observación da realidade e na análise das mensaxes informativas e publicitarias, así como uns hábitos de consumo responsábel na vida cotiá. | | | | | | | | | | |
| Argumenta racionalmente as consecuencias duns ou outros modos de vida, e adopta unha disposición a unha vida física e mental saudábel nun contorno natural e social tamén saudábel. | | | | | | | | | | |
| Identifica preguntas ou problemas e tira conclusións baseadas en probas para comprender e tomar decisións sobre o mundo físico e sobre os cambios que produce a | | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| actividade humana. | | | | | | | | | |
| Aplica algunhas nocións, conceptos científicos e técnicos, e de teorías científicas básicas previamente comprendidas, así como pon en práctica os procesos e actitudes propios da análise sistemática e de esculca científica. | | | | | | | | | |
| Recoñece a natureza, fortalezas e límites da actividade investigadora como construción social do coñecemento ao longo da historia. | | | | | | | | | |
| Planifica e manexa solucións técnicas, seguindo criterios de economía e eficacia, para satisfacer as necesidades da vida cotiá e do mundo laboral. | | | | | | | | | |
| Diferencia e valora o coñecemento científico ao lado doutras formas de coñecemento, e emprega valores e criterios éticos asociados á ciencia e ao desenvolvemento tecnolóxico. | | | | | | | | | |
| Emprega de maneira responsábel os recursos naturais, coida o medio ambiente, fai un consumo racional e responsábel, e protexe a saúde individual e colectiva como elementos clave da calidade de vida das persoas. | | | | | | | | | |
| 3. Competencia dixital | | | | | | | | | |
| Procura, obtén, procesa e comunica información para transformala en coñecemento. | | | | | | | | | |
| Emprega as tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para se informar, aprender e comunicarse. | | | | | | | | | |
| Domina linguaxes específicas básicas e as súas pautas de decodificación e transferencia, así como aplica en distintas situacións e contextos o coñecemento dos diferentes tipos de información, as súas fontes, as súas posibilidades e a súa localización. | | | | | | | | | |
| Organiza a información, relaciónaa, analiza, sintetiza e fai inferencias e deducións de distinto nivel de complexidade, compréndea e intégraa nos esquemas previos de coñecemento. | | | | | | | | | |
| Emprega as tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento de traballo intelectual na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento. | | | | | | | | | |
| Procesa e xestiona información abondosa e complexa, resolve problemas reais, toma decisións, traballa en contornos colaborativos e xera producións responsábeis e creativas. | | | | | | | | | |
| Emprega as tecnoloxías da información e a comunicación a partir da comprensión da natureza e modo de operar dos | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| sistemas tecnolóxicos, e do efecto que eses cambios teñen no mundo persoal e sociolaboral. | | | | | | | | | |
| Identifica e resolve problemas habituais de software e hardware que xorden. | | | | | | | | | |
| Organiza a información, procésaa e oriéntaa para acadar obxectivos e fins establecidos. | | | | | | | | | |
| Resolve problemas reais de maneira eficiente, así como avalía e selecciona novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos. | | | | | | | | | |
| É unha persoa autónoma, eficaz, responsábel, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar, empregar e valorar a información e as súas fontes, contrastándoa cando cómpre, e respecta as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as suas fontes nos distintos soportes. | | | | | | | | | |
| 4. Aprender a aprender | | | | | | | | | |
| Dispón de habilidades para se iniciar na aprendizaxe e continuar a aprender de maneira cada vez máis eficaz e autónoma de acordo aos propios obxectivos e necesidades. | | | | | | | | | |
| Adquire conciencia das propias capacidades e das estratexias necesarias para desenvolvelas. | | | | | | | | | |
| Dispón dun sentimento de motivación, confianza nun mesmo e gusto por aprender. | | | | | | | | | |
| É consciente do que sabe e de como se aprende. | | | | | | | | | |
| Xestiona e controla de maneira eficaz os procesos de aprendizaxe, optimizándoos e orientándoos a satisfacer obxectivos persoais. | | | | | | | | | |
| Tira proveito das propias potencialidades, aumentando progresivamente a seguranza para afrontar novos retos de aprendizaxe. | | | | | | | | | |
| Desenvolve capacidades como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión e a expresión lingüística ou a motivación de logro. | | | | | | | | | |
| Coñece os diferentes recursos e fontes para a recollida, selección e tratamento da información, incluídos os recursos tecnolóxicos. | | | | | | | | | |
| Afronta a toma de decisións racional e criticamente coa información dispoñíbel. | | | | | | | | | |
| Obtén información para transformala en coñecemento propio relacionado cos coñecementos previos e coa propia experiencia persoal. | | | | | | | | | |
| Formúlase metas alcanzábeis a curto, medio e longo prazo. | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Autoavalíase e autorregúlase, é responsábel e acepta os erros e aprende de e cos demais. | | | | | | | | | | |
| Tene conciencia, xestiona e controla as propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal. | | | | | | | | | | |
| 5. Competencias sociais e cívicas | | | | | | | | | | |
| Comprende a realidade social na que vive así como contribúe á súa mellora. | | | | | | | | | | |
| Participa, toma decisións e elixe como se comportar en determinadas situacións. | | | | | | | | | | |
| Exerce activa e responsabelmente os dereitos e deberes da cidadanía. | | | | | | | | | | |
| É consciente da existencia de distintas perspectivas á hora de analizar a realidade social e histórica do mundo. | | | | | | | | | | |
| Dialoga para mellorar colectivamente a comprensión da realidade. | | | | | | | | | | |
| Entende os trazos das sociedades actuais, a súa crecente pluralidade e o seu carácter evolutivo. | | | | | | | | | | |
| Dispón dun sentimento de pertenza á sociedade na que vive. | | | | | | | | | | |
| Resolve os problemas con actitude construtiva mediante unha escala de valores baseada na reflexión crítica e o diálogo. | | | | | | | | | | |
| Ponse no lugar do outro e comprende o seu punto de vista, aínda que sexa diferente do propio. | | | | | | | | | | |
| Recoñece a igualdade de dereitos entre os diferentes colectivos, especialmente entre o home e a muller. | | | | | | | | | | |
| Constrúe e pon en práctica normas de convivencia coherentes cos valores democráticos. | | | | | | | | | | |
| Mantén unha actitude construtiva, solidaria e responsábel ante o cumprimento dos dereitos e obrigas cívicas. | | | | | | | | | | |
| 6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor | | | | | | | | | | |
| Adquire valores como a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento dun mesmo e a autoestima. | | | | | | | | | | |
| Aprende dos erros e asume riscos, así como demora a necesidade de satisfacción inmediata. | | | | | | | | | | |
| Elixe con criterio propio, imaxina proxectos, e leva adiante as accións precisas para desenvolver as opcións e plans persoais responsabilizándose deles. | | | | | | | | | | |
| Proponse obxectivos e planifica e leva a cabo proxectos, así como elabora novas ideas, procura solucións e ponas en práctica. | | | | | | | | | | |
| Analiza posibilidades e limitacións, coñece as fases de desenvolvemento dun proxecto, planifica, toma decisións, | | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| actúa, avalía o feito e autoavalíase, tira conclusións e valora as posibilidades de mellora. | | | | | | | | | | |
| Identifica e cumpre obxectivos e mantén a motivación para acadar o éxito nas tarefas emprendidas. | | | | | | | | | | |
| Pon en relación a oferta académica, laboral ou de lecer dispoñíbel, coas capacidades, desexos e proxectos persoais. | | | | | | | | | | |
| Ten unha actitude positiva ante o cambio, comprende os cambios como oportunidades, adáptase crítica e construtivamente a eles, afronta os problemas e atopa solucións en cada un dos proxectos vitais que emprende. | | | | | | | | | | |
| Dispón de habilidades sociais para se relacionar, cooperar e traballar en equipo. | | | | | | | | | | |
| Desenvolve habilidades actitudes relacionadas co liderado de proxectos, as habilidades para o diálogo e a cooperación, a organización de tempos e tarefas, a capacidade de afirmar e defender dereitos ou a asunción de riscos. | | | | | | | | | | |
| Imaxina, emprende, desenvolve e avalía accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. | | | | | | | | | | |
| 7. Conciencia e expresións culturais | | | | | | | | | | |
| Coñece, comprende, aprecia e valora criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, e úsaas como fonte de enriquecimento. | | | | | | | | | | |
| Reelabora ideas e sentimentos propios e alleos. | | | | | | | | | | |
| Avalía e axusta os procesos necesarios para acadar resultados, xa sexan no ámbito persoal coma no académico. | | | | | | | | | | |
| Exprésase e comunica con diferentes realidades e producións do mundo da arte e a cultura. | | | | | | | | | | |
| Pon en funcionamento a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para se expresar mediante códigos artísticos. | | | | | | | | | | |
| Coñece basicamente as principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas. | | | | | | | | | | |
| Identifica as relacións existentes entre as manifestacións artísticas e a sociedade, a persoa ou a colectividade que as crea. | | | | | | | | | | |
| É consciente da evolución do pensamento, das correntes estéticas, as modas e os gostos. | | | | | | | | | | |
| Aprecia a creatividade implícita na expresión de ideas, experiencias ou sentimentos a través de diferentes medios artísticos como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas. | | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Valora a liberdade de expresión e o dereito á diversidade cultural. | | | | | | | | | | |
| Aprecia e goza coa arte para poder realizar creacións propias. | | | | | | | | | | |
| Desenvolve o desexo e a vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora. | | | | | | | | | | |
| Amosa interese por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico. | | | | | | | | | | |

## ANEXO 2: RÚBRICA MODELO PARA AVALIAR A ADQUISICIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE POR UNIDADE

| ESTANDAR DE APRENDIZAXE | NIVEL DE ADQUISICIÓN | | | |
|---|---|---|---|---|
| | NON O ACADA | ACADAO CON DIFICULTADE | NON O ACADA TOTALMENTE | ACÁDAO |
| Se presenta, usa e entende os saúdos estándares | | | | |
| Da e entende información persoal correctamente | | | | |
| Entende e segue as instruccións para participar en conversas diarias | | | | |
| Conta e usa os números cardinais hasta o 100 correctamente, e usa os ordinais correctamente | | | | |
| Escribe os números do 1 ao 100 correctamente | | | | |
| Lee, entende e extrae a información específico dun texto escrito | | | | |
| Toma a iniciativa para buscar palabras desconocidas no diccionario e o usa correctamente | | | | |
| Identifica as ideas principais no texto para leelo e extraer a idea esencial | | | | |
| Identifica distintos tipos de texto e os seus obxectivos | | | | |
| Planifica e escribe un correo electrónico baseado nun modelo na lingua estranxeira | | | | |
| Coida a presentación, usando a ortografía e os signos de puntuación correctamente | | | | |
| Identifica e usa correctamente o verbo TO BE e as partículas interrogativas Wh- | | | | |
| Di e usa o alfabeto correctamente | | | | |
| Entende e usa correctamente o vocabulario obxectivo ( saúdos, números, cores, información persoal, pasatempos) | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Identifica e pronuncia correctamente os sons /i/ /i:/ | | | | |
| Mostra interés participa na clase e aprecia a importancia da aprendizaxe autónoma e a autoavaliación | | | | |
| Aprende novas estratexias para mellorar a aprendizaxe e usar os recursos das TIC para obter, organizar e presentar a información | | | | |
| Entende a Importancia de aprender unhalingua estranxeira e mostra interés pola cultura e tradicións dos países de fala inglesa | | | | |